A estrada AC-161, que conecta As Angustias con Bergondo, constitúe unha vía de comunicación de grande relevancia para o tránsito local e comarcal. No seu paso polo tramo Castro-Pontellas, no concello de Betanzos, existe unha preocupación crecente pola seguridade viaria, especialmente pola ausencia de beirarrúas axeitadas nunha zona con vivendas e tráfico peonil frecuente.

A actual configuración da estrada, cunha visibilidade reducida e escasa marxe para peóns ou ciclistas, incrementa o risco de accidentes e dificulta a mobilidade segura da veciñanza. A falta de beirarrúas ou espazos habilitados para o tránsito peonil obriga ás persoas a circular pola calzada en determinados tramos, o que resulta especialmente perigoso en horas de baixa visibilidade ou en días de choiva.

Asinado o día 26/06/2025 ás 17:19
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

93191

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 17:22:51
Nº Rexistro: 27993
Data envío: 26/06/2025 17:22:51.246

As veciñas e veciños da zona levan esperando en reiteradas ocasións a mellora deste tramo, tanto coa adecuación e mantemento das beiravías xa existentes como coa construción dun novo treito que complete o percorrido peonil e garanta a conexión segura coas parroquias próximas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria no tramo da estrada AC-161 ao seu paso polo lugar de Castro-Pontellas, no concello de Betanzos.
2. Adequar e mellorar as beiravías xa existentes, mellorando a súa seguridade viaria.
3. Construír un novo tramo de beiravías que dea continuidade ao percorrido peonil na zona, asegurando a protección e seguridade da veciñanza.

Santiago de Compostela, a 26 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

93192

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 26/06/2025 17:19:03

Carlos López Font na data 26/06/2025 17:19:10

Paloma Castro Rey na data 26/06/2025 17:19:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/06/2025 17:20:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 17:22:51
Nº Rexistro: 27993
Data envío: 26/06/2025 17:22:51.246

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 17:22:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 17:22:51
Nº Rexistro: 27993
Data envío: 26/06/2025 17:22:51.246

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:18:00
Nº Rexistro: 28003
Data envío: 27/06/2025 12:18:00.605

Asinado o día 27/06/2025 ás 12:06
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e dos deputados **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera, Katherinie Varela Fernández, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas e Nicole Grueira Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior** para súa tramitación polo procedemento de **urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de condenar os actos violentos acontecidos durante as protestas convocadas diante das sedes do PPdeG

Asinado o día 27/06/2025 ás 12:06
Por Julio García Comesaña

Exposición de Motivos

Organizacións feministas e simpatizantes do nacionalismo galego convocaron na xornada do 25 de xuño mobilizacións ante as sedes do Partido Popular de Galicia nas cidades co pretexto e baixo o lema 'Organicémonos contra as violencias machistas. A nosa loita é pola vida'.

Estas concentracións desenvolvéronse cun baixo poder de convocatoria condicionadas polo contexto actual na que proliferan tramas de corrupción vinculadas co PSOE e co Goberno de Pedro Sánchez e comportamentos dos seus principais protagonistas relacionados coa prostitución e a denigración das mulleres.

Resulta como mínimo un paradoxo, por non afirmar un proceder extremadamente cínico e hipócrita, que se enarbore a bandeira do feminismo e do abolicionismo da prostitución desde organizacións e formacións políticas que, nunha actitude cómplice, manteñen o seu apoio a aqueles que ampararon e permitiron este tipo de comportamentos machistas.

Asinado o día 27/06/2025 ás 12:06
Por Paula Prado del Río

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Con todo, o que aínda resulta máis grave, é o acontecido no transcurso destas protestas onde tiveron lugar demostracións de odio e comportamentos violentos dalgún dos manifestantes, ata o punto de que arrincaron as pancartas colocadas polo PPdeG nas súas sedes de Santiago e Ourense, carteis nos que se denunciaban os comportamentos machistas do PSOE e das organizacións políticas que apoian aos socialistas, actuando como cómplices.

É unha mágoa que en pleno século XXI teñamos que insistir na necesidade de condenar calquera forma de violencia que se poida producir contra as sedes ou representantes de distintas formacións políticas e debamos ratificar a importancia do respecto ás institucións democráticas e aos seus lexítimos representantes. A nosa democracia defende o dereito de manifestación, que é incompatible con actos violentos e antidemocráticos, que sempre merecen o rexeitamento máis firme e contundente de todo o espectro político plural.

Por iso, compre reprobar este tipo de actitudes antidemocráticas relacionadas cos ataques ás sedes e denunciar que están alentadas desde o entorno do nacionalismo galego, ata o punto de que, nalgunha destas mobilizacións, teñen participativo dirixentes de organizacións políticas como o BNG.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei.

“O Parlamento de Galicia acorda como Resolución :

1º- Reprobar os comportamentos e actos antidemocráticos acontecidos durante as mobilizacións convocadas diante das sedes do Partido Popular de Galicia, o 25 de xuño de 2025, por organizacións do feminismo nacionalista e nas que, entre outras condutas violentas, se arrincaron pancartas que denunciaban comportamentos machistas do PSOE e dos seus cómplices.

2º- Manifestar a rotunda condena a calquera forma de violencia que se poida producir contra as sedes de calquera formación política, así como calquera manifestación que vulnere o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes ou denigre a dignidade das mulleres.”

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 27/06/2025 12:06:31
Julio García Comesaña na data 27/06/2025 12:06:43
Roberto Rodríguez Martínez na data 27/06/2025 12:06:54,27/06/2025 12:07:07
Argimiro Marnotes Fernández na data 27/06/2025 12:07:26
Paula Mouzo Mas na data 27/06/2025 12:07:43
Alberto Pazos Couñago na data 27/06/2025 12:07:59
Carmen Pomar Tojo na data 27/06/2025 12:08:17
María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/06/2025 12:08:34
Katherinie Varela Fernández na data 27/06/2025 12:08:47
Nicole Grueira Fernández na data 27/06/2025 12:09:05
Noelia Pérez López na data 27/06/2025 12:09:22
Ethel Vázquez Mourelle na data 27/06/2025 12:09:35
María Encarnación Amigo Díaz na data 27/06/2025 12:09:50
Raquel Arias Rodríguez na data 27/06/2025 12:10:11
Víctor Baladrón Lamas na data 27/06/2025 12:10:30



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/06/2025 12:18:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:18:00
Nº Rexistro: 28003
Data envío: 27/06/2025 12:18:00,605

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 16:51:55
Nº Rexistro: 28033
Data envío: 30/06/2025 16:51:55,942

Asinado o día 30/06/2025
Por Secundino Fernández
Por Secundino Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, relativa a atender as demandas das comunidades educativas dos CEIPs O Piñeiriño, Rubiáns e A Lomba no concello de Vilagarcía de Arousa.

Asinado o día 30/06/2025 ás
15:59
Por Daniel Castro García

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre a situación dos CEIPs O Piñeiriño, Rubiáns e A Lomba no concello de Vilagarcía de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As comunidades educativas de diversos centros escolares do Concello de Vilagarcía están mobilizándose diante das decisións que está tomando a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que consideran repercuten de maneira negativa na calidade educativa que reciben as crianzas. En concreto a negativa da Xunta a non realizar desdobres precisos pola superación de ratios ou o mantemento de horarios escolares en función do horario de transporte escolar. Deste xeito temos:

Asinado o día 30/06/2025 ás
15:58
Por María Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No CEIP o Piñeiriño a aula de 4º de Infantil para o vindeiro curso 25/46 conta cunha única liña cando historicamente o centro sempre funcionou con dúas. A aula en cuestión conta con 19 alumnos dos que 3 teñen recoñecidos unha discapacidade maior do 33%, polo que computarían o dobre a nivel de ratio. Se a ratio establecida para infantil é de 20, estaríamos a falar dunha aula de 22 crianzas. Superando o establecido por lei. Polo que é preciso o desdobre, recuperando a segunda liña coa que sempre contou o centro.

Ademais no centro contan cunha aula en 3º de primaria que tamén ten varias crianzas con NEE e precisa de persoal de apoio, polo que a solución tomada este ano non é válida. É preciso que doten ao centro do persoal que por lei lle corresponde.

Dende o ano escolar 2007-08 o CEIP de Rubiáns conta cuns horarios diferentes aos do resto dos centros de ensino público de Vilagarcía: Á súa hora de entrada é as 9.50, o cal provoca que as familias se vexan obrigadas por tema de conciliación a tirar de outras persoas que trasladen aos seus fillos e fillas tanto ao centro escolar coma á parada de autobús. Ademais, debido precisamente ao horario de inicio das aulas, o centro conta unicamente cun Plan Madruga que non cubre o horario que as familias realmente precisan, o cal provoca que o seu uso non sexa moi factíbel impedindo unha conciliación real.

Ao remate das clases, ás 14.50, vólvese dar unha situación indesexábel, xa que as crianzas usuarias do servizo de comedor contan con tan só media hora para comer, a cal todas e todos podemos entender que non é media hora real entre que chegan, colócanse e lles serven o xantar, para logo saír correndo para coller o autobús.

Falamos polo tanto de nenas e nenos que vense obrigados a Xantar nun espazo de tempo de entre 15 e 20 minutos de tempo, establecendo así uns hábitos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alimentación nada saudábeis e en contra do establecido e recomendado polos especialistas en nutrición e dietética.

No CEIP A Lomba, segundo a P.X.A. do curso 24/25, o número de alumnos/as escolarizados con necesidades específicas de apoio educativo é de 122. Dos que 90 están en A Lomba e 32 no Anexo. Deste alumnado, 33 teñen unha discapacidade certificada igual ou superior ao 25% (25 en A Lomba e 8 no Anexo). Este cómputo é de setembro do ano 2024 polo que non se recolle alumnado admitido despois desta data, nin novos diagnósticos ou avaliacións de discapacidade realizados durante o curso.

Non ten xustificación que @s representantes da Consellaría manteña a negativa a desdobrar o aula do Edificio A Lomba cando o mesmo CEIP, actualmente en 4º de infantil, conta cunha liña con 20 alumnos neste edificio e outra con só 8 no Anexo. Nesa mesma aula de 18 nenas e nenos, 2 teñen Necesidades Educativas Especiais (N.E.E.) e 4 con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (N.E.A.E.).

Dende o BNG temos claro que o posicionamento da Xunta e a súa negativa deixa claro cales son as prioridades do goberno galego, vinculando os investimentos en educación a criterios económicos como é non realizar desdobres precisos ou non autorizar un incremento do gasto en transporte, mentres que por outra parte subvenciónanse e promóvense centros de educación privados.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a atender as demandas das comunidades educativas dos CEIPs O Piñeiriño, Rubiáns e A Lomba no concello de Vilagarcía de Arousa e proceder a:

1.- Realizar no CEIP O Piñeiriño:

- O desdobre da aula de 4º de Infantil recuperando a 2ª liña que tiña este centro educativo.
- Dotar ao centro do persoal de apoio preciso para atender as necesidades educativas tamén da etapa de primaria, en especial a aula en 3º na que están escolarizadas varias crianzas con necesidades educativas especiais.

2.- Modificar o horario lectivo do CEIP de Rubiáns, no concello de Vilagarcía, pasando do actual de 9.50 a 15.30h a un de 9.15 a 14.15h. Para o cal incluírá este horario na nova licitación para a concesión do transporte para este centro.

3.- Realizar as seguintes actuacións no CEIP A Lomba:

- Manter a actual parella educativa (titora+profesora apoio) no vindeiro curso de 5º de infantil.
- Dotar de máis persoal ao centro para atender as necesidades especiais e específicas.
- Eliminar a itinerancia d@s profesionais de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica por outros centros, garantindo que estas especialidades sexan fixas e de dedicación exclusiva a este centro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Manter a dobre liña educativa (que sempre existiu neste edificio) de 4º de infantil no vindeiro curso 25/26, para o que o centro conta co profesorado e con aulas.”

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/06/2025 15:58:52

Daniel Castro García na data 30/06/2025 15:59:00

Secundino Fernández Fernández na data 30/06/2025 15:59:18

Mercedes Queixas Zas na data 30/06/2025 15:59:37

Iria Taibo Corsanego na data 30/06/2025 15:59:46

Cristina Fernández Davila na data 30/06/2025 15:59:54

Ana Pontón Mondelo na data 30/06/2025 16:00:02



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/06/2025 16:51:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 16:51:55
Nº Rexistro: 28033
Data envío: 30/06/2025 16:51:55,942

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 13:49:49
Nº Rexistro: 27744
Data envío: 20/06/2025 13:49:49,086

Asinado o día 20/06/2025 ás 13:45
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana, Lara Méndez López e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Quizais o servizo de codificación e diagnóstico dun hospital sexa unha das tarefas menos coñecidas dun hospital. Con todo é un servizo moi importante para o seu funcionamento.

Poderíamos dar moitas razóns, pero entre elas destacaríamos que os diagnósticos deben ser cualificados con sistemas estandarizados que será o que permita que poidan ser utilizados por diferentes profesionais, por investigadores e polas administracións implicadas, sen xerar dúbidas na súa interpretación. E unha codificación correcta é esencial para o seguimento dunha historia clínica.

Todo iso sen esquecer utilizacións que levan a cabo dentro do ámbito da saúde pública ou a elaboración de informes e estatísticas.

E a pesar da importancia que este servizo ten, vemos como o Area Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos sacou a licitación o servizo de codificación de diagnósticos e procedementos de altas hospitalización a domicilio dos hospitais públicos incluídos na súa área sanitaria.

Asinado o día 20/06/2025 ás 13:45
Por Lara Méndez López

Asinado o día 20/06/2025 ás 13:45
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

93206

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 13:49:49
Nº Rexistro: 27744
Data envío: 20/06/2025 13:49:49.086

Estamos ante unha privatización dunha actividade esencial como sinalamos. Unha decisión onde se opta polo privado en detrimento do público.

Unha privatización onde ata a data estaba a realizarse con calidade e seguridade desde o ámbito do público.

Unha privatización, que ademais da consideración principal de privatización da sanidade, ten unha gran importancia, se pensamos que a empresa que resulte adxudicataria, poderá acceder ao sistema que contén todas as historias clínicas do Sergas (IANUS), abríndose o debate do delicado tema da confidencialidade.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que paralice a licitación do sistema de codificación de diagnósticos e procedementos de altas hospitalarias do Area Sanitaria de Lugo, a Mariña e Monforte de Lemos.
2. Que non poña en marcha ningún outro procedemento de licitación do sistema de codificación de diagnósticos e procedementos de altas hospitalarias no resto das áreas sanitarias de Galicia.
3. Que reforce a contratación de técnico/a Superior en documentación sanitaria naqueles hospitais públicos que sexa preciso.

Santiago de Compostela, a 20 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93207

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 20/06/2025 13:45:41

Lara Méndez López na data 20/06/2025 13:45:49

Silvia Longueira Castro na data 20/06/2025 13:45:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/06/2025 13:46:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 13:49:49
Nº Rexistro: 27744
Data envío: 20/06/2025 13:49:49.086

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/06/2025 13:49:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 13:49:49
Nº Rexistro: 27744
Data envío: 20/06/2025 13:49:49.086

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Katherinie Varela Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Miguel Ángel Viso Diéguez, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Campero Dorado, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Cecilia Vázquez Suárez e Enrique Barreiro Sánchez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A Consellería do Medio Rural traballa na posta en valor de diversos espazos, en particular, na mellora das infraestruturas e terreos susceptibles de aproveitamento agrario co obxecto de dinamizar as zonas rurais.

O réxime xurídico dos regadíos galegos vén dado pola lei que os declarou de interese xeral, que é sempre unha norma estatal, non autonómica.

A regulación, por tanto dos regadíos, é estatal; para os máis antigos como o regadío de Val de Lemos (Monforte, Sober, Pantón, Bóveda e A Pobra do Brollón) vén dada pola Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, texto aprobado polo decreto 118/1973, do 12 de xaneiro, que refunde a normativa en materia de reforma e desenvolvemento agrario. O Decreto 3125/66 declaraba de alto interese nacional a colonización da zona regable de Valle de Lemos. Este proxecto contemplaba a posta en rega dunhas 4.875 has dos concellos de Monforte, Sober, Pantón, Bóveda e A Pobra do Brollón, a partir de augas fluíntes do río Cabe e augas reguladas do río Mao.

Na actualidade, esta infraestrutura atópase en crise por diversas circunstancias, das que podemos destacar:

- O deterioro da infraestrutura hidráulica nesta zona, en moitas partes mesmo non existe, e tamén o crecemento das cidades coas que linda como Monforte, que creceu urbanisticamente desenvolveuse sobre terreos susceptibles de rega.
- Descoñécese exactamente a superficie susceptible de rega e quen son exactamente os regantes, e por tanto quen debe contribuír ao pago das amortizacións da infraestrutura hidráulica propiedade do Ministerio de Transición Ecolóxica (as confederacións hidrográficas e as Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias -SEIASAS-), que hoxe acumulan unha débeda importante.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 20/06/2025 ás
17:22
Por Alberto Pazos Couñago





Tanto o deterioro da infraestrutura, como o desfase do censo, así como a débeda acumulada do regadío coa Confederación Hidrográfica Miño Sil, pon en perigo o correcto funcionamento dunha infraestrutura que pode axudar a revitalizar o rural no sur da provincia de Lugo, polo que a implicación do goberno do Estado debe ser máis intensa neste asunto.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que presente ao goberno de España as seguintes demandas en relación co Regadío do Val de Lemos:

1. Que se leve a cabo un proxecto de actualización de censo e de infraestrutura do Regadío para a súa modernización e correcto funcionamento.
2. Que se proceda a condonar a débeda contraída polos regantes e unha vez actualizados os datos e modernizada a infraestrutura, se proceda a iniciar a nova relación de cobro de cuotas coa comunidade de regantes.
3. Valorar pedir unha baixada de cuota.

Santiago de Compostela, 20 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/06/2025 17:22:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 17:32:26
Nº Rexistro: 27773
Data envío: 20/06/2025 17:32:26.520

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/06/2025 17:32:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 17:32:26
Nº Rexistro: 27773
Data envío: 20/06/2025 17:32:26.520

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 11:57:05
Nº Rexistro: 27781
Data envío: 23/06/2025 11:57:05,677

Asinado o día 23/06/2025 ás 11:53
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Lobios leva en situación de precariedade asistencial desde finais de 2023, tras quedar vacante a segunda praza de facultativo, provocando unha sobrecarga de traballo sobre a única médica en activo e o resto do persoal sanitario, composto actualmente por dúas prazas de enfermería.

Esta situación foi denunciada polo Grupo Parlamentario Socialista como un colapso asistencial, especialmente grave tendo en conta que Lobios é un concello de poboación envellecida, como acontece na maioría dos municipios da provincia de Ourense, dispersa xeograficamente e con importantes dificultades de acceso a servizos básicos.

Recentemente, eramos coñecedores a través dun periódico local que a Dirección Xeral de Atención Primaria comprometeuse a cubrir a segunda praza médica durante o verán de 2025.

Esta é sen dúbida unha boa nova, pero tamén abre interrogantes fundamentais sobre a organización do espazo físico no centro de saúde, que conta con limitacións para acoller dúas consultas médicas, así como sobre a data exacta e as condicións da incorporación do novo profesional sanitario.

Asinado o día 23/06/2025 ás 11:53
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 23/06/2025 ás 11:52
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93214

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 11:57:05
Nº Rexistro: 27781
Data envío: 23/06/2025 11:57:05.677

Ante o incremento estacional da poboación durante os meses de verán e as especiais características demográficas da zona, resulta urxente que a Xunta de Galicia aclare como vai reorganizar os recursos e o espazo dispoñible no centro médico para garantir unha atención primaria digna e segura.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar con detalle sobre a reorganización prevista do espazo físico no centro de saúde de Lobios para facer viable a incorporación do segundo facultativo, garantindo as condicións adecuadas para o exercicio da actividade asistencial.
2. Establecer e comunicar un calendario concreto para a incorporación efectiva do novo profesional médico, garantindo que se realiza antes do pico de incremento da poboación durante o verán.

Santiago de Compostela, a 23 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93215

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/06/2025 11:52:53

Elena Espinosa Mangana na data 23/06/2025 11:53:00

Silvia Longueira Castro na data 23/06/2025 11:53:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/06/2025 11:53:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 11:57:05
Nº Rexistro: 27781
Data envío: 23/06/2025 11:57:05.677

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/06/2025 11:57:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 11:57:05
Nº Rexistro: 27781
Data envío: 23/06/2025 11:57:05,677

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 12:45:01
Nº Rexistro: 27785
Data envío: 23/06/2025 12:45:01.114

Asinado o día 23/06/2025 ás 12:42
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza asuma a xestión directa da Unidade de Atención Temperá da Mariña.

Asinado o día 23/06/2025 ás 12:41
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade de Atención Temperá da Mariña é un servizo comarcal con sede no Concello de Burela que o propio concello leva xestionando desde o ano 2006. Trátase dun recurso esencial para atender a crianzas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos e tamén para acompañar e orientar ás súas familias. É un servizo recoñecido dentro da Rede Galega de Atención Temperá, pero que, na práctica, está sendo asumido polo Concello de Burela.

A Unidade atende actualmente a crianzas dos concellos de Ribadeo, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo e O Valadouro, é dicir, a case toda a Mariña. O servizo atende unha media de 120 crianzas ao ano, agora mesmo está funcionando con 50 usuarios e usuarias activas e cunha lista de agarda de arredor de 40 nenos e nenas, o que dá conta da alta demanda e da falta de recursos humanos suficientes.

Asinado o día 23/06/2025 ás 12:41
Por Daniel Castro García

O problema máis grave que existe a día de hoxe é a imposibilidade de cubrir de maneira estable a praza de logopeda. Isto débese a que a profesional que a viña desempeñando rematou o seu contrato —feito a través dun programa de emprego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

temporal— e a normativa actual impide repetir ese tipo de contratación. A praza non figura na actual Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, polo que non puido ser estabilizada, ao contrario que as prazas de pedagoga e psicóloga, que si están reguladas na estrutura municipal.

Entre tanto, o goberno municipal está tratando cubrir esa necesidade a través doutros medios, pero mentres iso non ocorre a Consellería de Política Social a única solución que ofreceu foi a de contratar unha empresa privada para cubrir o servizo de logopeda, todo isto mentres non se resolva a convocatoria dun hipotético concurso-oposición.

Esta proposta, ademais de desresponsabilizar á administración autonómica, traslada de novo a carga económica e de xestión aos concellos, neste caso ao de Burela.

Estamos a falar dun servizo que impacta directamente no desenvolvemento vital das crianzas e no apoio ás súas familias. Por iso, non é aceptable que a única resposta da Xunta sexa a de privatizar ou buscarse a vida. Por esa razón o concello de Burela está a solicitar a corresponsabilidade e compromiso institucional, e que dunha vez por todas se aborde con seriedade a situación dos servizos sociais e da atención temperá na Mariña.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a asumir a xestión directa da Unidade de Atención Temperá da Mariña antes de que remate o ano 2025 e en diálogo cos concellos afectados”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/06/2025 12:41:38

Olalla Rodil Fernández na data 23/06/2025 12:41:46

Ariadna Fernández González na data 23/06/2025 12:42:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 12:45:01
Nº Rexistro: 27785
Data envío: 23/06/2025 12:45:01.114



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/06/2025 12:45:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 12:45:01
Nº Rexistro: 27785
Data envío: 23/06/2025 12:45:01.114

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a asistencia sanitaria no Concello de Becerreá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao igual que acontece noutros concellos galegos, a veciñanza de Becerreá viu mermada de maneira notable a súa asistencia sanitaria nos últimos días. Segundo trasladaron ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

- Quedaron sen pediatra logo de que a persoa que prestaba este servizo ás crianzas de Becerreá, Navia de Suarna, Cervantes, As Nogais e Pedrafita –adscritas a este centro-- collese praza noutro lugar. Até o de agora esta persoa acudía dous días á semana ao centro de saúde de Becerreá, dous días ao do Corgo e un ao de Láncara.
- Non están recibindo atención por parte da matrona ao non cubrirse de maneira permanente a praza durante as vacacións da persoa titular.
- Tampouco se cubre de maneira permanente unha das tres prazas de médico de familia da que dispón o centro de saúde de Becerreá o que merma a asistencia sanitaria da poboación.

Esta situación resulta especialmente gravosa cando falamos das nenas e nenos. Neste senso, a resposta da Xunta de Galiza diante das queixas presentadas polas familias é que acudan ás urxencias pediátricas do HULA. Atención hospitalaria que pode servir



nunha urxencia mais que non garante a atención continuada –por exemplo nos controis de idade-- que integran o Programa da nena e neno san ao que a poboación infantil da montaña de Lugo tamén ten dereito.

Cómpre lembrar que o servizo de pediatría atende máis crianzas que as de Becerreá e que a montaña de Lugo, concretamente a comarca dos Ancares, representa unha basta extensión de territorio cunha poboación tremendamente dispersa. Unha poboación que ten dereito a unha sanidade pública, da máxima calidade e próxima, algo que a Xunta de Galiza non está garantindo en Becerreá.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir unha asistencia sanidade pública, da máxima calidade e de proximidade ao conxunto da poboación adscrita ao centro de saúde de Becerreá a través das seguintes actuacións:

- a) Convocar a praza vacante de médico de familia garantindo a súa cobertura con carácter permanente.
- b) Cubrir de maneira estable e cun profesional especializado en pediatría a praza actualmente vacante garantindo que a poboación menor de 14 anos ten a atención continuada que lle corresponde.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/06/2025 10:41:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/06/2025 10:41:12

María Montserrat Prado Cores na data 24/06/2025 10:41:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 10:42:41
Nº Rexistro: 27817
Data envío: 24/06/2025 10:42:41.163

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 10:42:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 10:42:41
Nº Rexistro: 27817
Data envío: 24/06/2025 10:42:41.163

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 12:19:59
Nº Rexistro: 27833
Data envío: 24/06/2025 12:19:59.458

Asinado o día 24/06/2025
12:18
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, relativa ás medidas a tomar no CEIP A Lomba no Concello de Vilagarcía de Arousa para garantir a calidade educativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As nais e pais do alumnado matriculado no CEIP A Lomba de Vilagarcía de Arousa, están mobilizándose diante das decisións que está tomando a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que consideran repercuten de maneira negativa na calidade educativa que reciben as crianzas.

O curso pasado a Consellaría decidiu suprimir unha das liñas educativas de 4º de infantil no Edificio da rúa A Xunqueira, o que supuxo unha aula saturada con 18 alumnos e alumnas (que computan como 20, sumando as dobres prazas por discapacidade), ao límite da citada ratio.

Despois da presión das familias, aceptou manter o profesorado desa segunda liña dedicado ,na maioría da súa xornada laboral, á aula existente; pero non se reforzou ao centro co profesorado de apoio necesario para atender as necesidades do alumnado para unha inclusión real, nunha etapa crucial do seu desenvolvemento.

O centro conta con 8 unidades en Educación Infantil e 18 en Educación Primaria. Case 500 nenas e nenos.

Asinado o día 24/06/2025 ás
12:18
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 24/06/2025 ás
12:18
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para á atención deste alumnado, o Centro conta con:

- Tres profesionais de Audición e Linguaxe. Unha delas atende 3 días no edificio A Lomba e 2 no Anexo, e outra 3 días en A Lomba e 2 en unitarias (sendo esta unha praza provisional). A terceira ten o seu posto de traballo adaptado.

- Hai 3 profesionais de Pedagogía Terapéutica. Unha só traballa 4 horas semanais no Edificio da rúa A Xunqueira.

Segundo a P.X.A. do curso 24/25, o número de alumnos/as escolarizados con necesidades específicas de apoio educativo é de 122. Dos que 90 están en A Lomba e 32 no Anexo. Deste alumnado, 33 teñen unha discapacidade certificada igual ou superior ao 25% (25 en A Lomba e 8 no Anexo). Este cómputo é de setembro do ano 2024 polo que non se recolle alumnado admitido despois desta data, nin novos diagnósticos ou avaliacións de discapacidade realizados durante o curso.

Non ten xustificación que os e as representantes da Consellaría non se dignen reunirse coas familias para escoitar as súas peticións e manteña a negativa a desdobrar o aula do Edificio A Lomba cando o mesmo CEIP, actualmente en 4º de infantil, conta cunha liña con 20 alumnos neste edificio e outra con só 8 no Anexo. Nesa mesma aula de 18 nenas e nenos, 2 teñen Necesidades Educativas Especiais (N.E.E.) e 4 con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (N.E.A.E.).

As nais e pais temen que a negativa a desdobrar liñas educativas, ten como obxectivo deixar de ofertar esas prazas no futuro e convidar ao alumnado que non obteña praza a matricularse noutro centro, como fixo o ano pasado co CEIP O Piñeirinho.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta a proceder a tomar as seguintes medidas para garantir a calidade educativa no CEIP A Lomba, no concello de Vilagarcía de Arousa:

1.- Manter a actual parella educativa (titora+profesora apoio) no vindeiro curso de 5º de infantil.

2.- Dotar de máis persoal ao centro para atender as necesidades especiais e específicas.

3.- Eliminar a itinerancia das e dos profesionais de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica por outros centros, garantindo que estas especialidades sexan fixas e de dedicación exclusiva a este centro.

4.- Manter a dobre liña educativa (que sempre existiu neste edificio) de 4º de infantil no vindeiro curso 25/26, para o que o centro conta co profesorado, aulas e servizos necesarios”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/06/2025 12:18:00

Cristina Fernández Davila na data 24/06/2025 12:18:08

Ana Pontón Mondelo na data 24/06/2025 12:18:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 12:19:59
Nº Rexistro: 27833
Data envío: 24/06/2025 12:19:59.458

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 12:20:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 12:19:59
Nº Rexistro: 27833
Data envío: 24/06/2025 12:19:59.458

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, para esixir do Goberno do Estado a reformulación e ampliación das bonificacións e a mellora dos servizos ferroviarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Neste sentido, o Ministro de Transportes do goberno español, o señor Puente, vén de anunciar o remate da gratuidade no transporte ferroviario no estado, que até o de agora estaba vixente coa implantación dunha serie de bonos e de bonificacións totalmente insuficientes.

Se ben é certo que a esta gratuidade foi aplicada de xeito extraordinario nunha situación social moi complexa, non é menos certo que xogou un papel importante, e que debiera ser substituída por unha política de prezos atractiva e competitiva.

Alén desta cuestión xeral, é fundamental que o goberno do estado non desatenda aos colectivos sociais máis vulnerábeis, establecendo bonificacións para garantir un acceso xeralizado ao transporte por ferrocarril, e que en todo caso deberan conlevar un deseño de bonificacións atendendo a criterios de renda e outras situacións que derivan nunha maior vulnerabilidade dunha parte da poboación.

Asinado o día 24/06/2025 ás
13:19
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 24/06/2025 ás
13:19
Por Paulo Ríos Santomé





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Así pois tamén é necesario que se apliquen as bonificacións previstas para os servizos de proximidade, todos aqueles servizos que cumpran unha función similar en Galiza, tendo o exemplo máis claro no eixo atlántico, servizos que deben ser bonificados en similar medida aos servizos de proximidade no resto do estado ao carecer Galiza deste servizo.

Unha boa calidade no transporte ferroviario no noso país non depende só dos prezos ou das bonificacións, senón que debe levar aparelado unha mellora tanto nos horarios, frecuencias, puntualidade e número de prazas dispoñíbeis.

Así pois, Galiza leva tempo padecendo uns servizos moi mellorábeis, cuestión que o goberno do estado debe atallar e mellorar tanto nas liñas que conectan Galiza con Madrid, así como tamén as que vertebran o noso territorio, sexa no Eixo Atlántico como no interior do país.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a esixir do Goberno do Estado a:

1. Establecer diferentes bonificacións para usuarios e usuarias vulnerables, atendendo a criterios sociais, como o nivel de renda.

2. Homologar as bonificacións existentes nos servizos de proximidade do estado aos servizos ferroviarios que operan en Galiza e cumpren unha función similar aos servizos de proximidade, ao carecer destes últimos.

3. A mellora dos servizos ferroviarios na Galiza, en termos de fiabilidade, frecuencias e número de prazas, tanto nos servizos que conectan Galiza con Madrid como nos servizos que vertebran o noso país.”





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 24/06/2025 13:19:37

Luis Bará Torres na data 24/06/2025 13:19:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 13:20:58
Nº Rexistro: 27842
Data envío: 24/06/2025 13:20:58.817

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 13:20:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 13:20:58
Nº Rexistro: 27842
Data envío: 24/06/2025 13:20:58,817

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o número de centros de día públicos no Concello de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente o Concello de Lugo só conta cun único centro de día público dotado con apenas 20 prazas. Trátase do centro de día das Gándaras inaugurado polo goberno autonómico en 1981, hai 44 anos.

Os demais centros, quince segundo os datos publicados no RUEPSS, son privados ou de iniciativa social. En total suman 627 prazas das que só 77 están concertadas pola Xunta.

ENT NOME	ENT CATEGORIA	CEN AREA	CEN PRZ. AUTORIZ.	CEN PRZ. PRIVADA
XUNTA DE GALICIA	INICIATIVA PÚBLICA	MAIORES	20	
ASPNAIS-ASOCIACION DE PADRES O TUTORES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE LUGO	INICIATIVA SOCIAL	DISCAPACIDA DE	70	26
CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)	INICIATIVA SOCIAL	DISCAPACIDA DE	60	31
CONCELLO DE LUGO	INICIATIVA PÚBLICA	MAIORES	73	
ALALAS S.L.	INICIATIVA PRIVADA CON	MAIORES	60	





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 18:19:33
Nº Rexistro: 27857
Data envío: 24/06/2025 18:19:33,220

ASOCIACION DE DANO CEREBRAL SOBREVIVIDO DE LUGO (ADACE LUGO)	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA SOCIAL	DISCAPACIDA DE	10	10
FUNDACION CAMIÑA SOCIAL	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA SOCIAL	MENORES	14	
ASOCIACION RAIOLAS -LUGO	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA SOCIAL	DISCAPACIDA DE	15	10
SANYRES SUR SL	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA SOCIAL	MAIORES	60	
FUNDACION EDUCATIVA E SOCIAL DIGNIDADE	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA SOCIAL	MENORES	17	
FUNDACION EDUCATIVA E SOCIAL DIGNIDADE	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA SOCIAL	MENORES	15	
CALMEGA MAYORES S.L.	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA PRIVADA CON	MAIORES	60	
ALBERTIA SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS SA	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA PRIVADA CON	MAIORES	40	
MARIA CRISTINA GALAN ABELEDO	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA PRIVADA CON	MAIORES	40	
AZUMARA 2020 S.L.	ÍNIMO DE LUCRO INICIATIVA PRIVADA CON	MAIORES	93	

Os centros de día representan un servizo social fundamental para persoas dependentes e con discapacidade ademais dun importante e necesario recurso de conciliación para as súas familias. É máis que evidente que a oferta de prazas actualmente existente no Concello de Lugo é insuficiente e absolutamente ridícula a que corresponde á administración responsábel en dereitos sociais como é a Xunta de Galiza.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cónstanos –como tamén é sabedora a Xunta de Galiza– que hai persoas dependentes agardando por unha praza pública nun centro de día sen poder acceder ao recurso ao que teñen dereito porque non hai.

Neste senso, o único investimento previsto pola Xunta de Galiza é a reforma do edificio situado na Rampa de Claudio López no que se prevé crear unha residencia e un centro de día dirixido a persoas con doenzas mentais graves o que servirá –cando conclúa– para atender as necesidades destas persoas mais non con carácter xeral para o conxunto da poboación ao se tratar dun máis que necesario recurso especializado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade do Concello de Lugo impulsando a creación nesta lexislatura, dun novo centro de día público autonómico.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/06/2025 18:17:52

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/06/2025 18:17:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 18:19:33
Nº Rexistro: 27857
Data envío: 24/06/2025 18:19:33,220

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 18:19:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 18:19:33
Nº Rexistro: 27857
Data envío: 24/06/2025 18:19:33,220

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Alexandra Fernández Gómez** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a posición da Xunta de Galiza respecto do vindeiro Plan Estatal de Vivenda 2026-2030.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres de 6 xuño celebrouse en Barcelona a XXVIII Conferencia de Presidentes en que se abordou como tema principal as políticas públicas en vivenda. O Goberno do estado trasladou como proposta aos distintos presidentes autonómicos que de cara ao vindeiro Plan Estatal 2026- 2030 se producise un aumento do investimento en materia de vivenda conxunto por parte das CCAA e do propio Goberno estatal

Segundo a información que transcendeu isto suporía que para Galiza o investimento pasaría dos 106.926.300€ que se investiron nas 4 anualidades do Plan 2022-2025, é dicir 26,7 M€ por ano, a un investimento de 379.962.000€ para as 5 anualidades do período 2026-2030, o que supón un investimento de 75.992.400€ anuais.

A proposta do goberno central para o aumento do orzamento en vivenda vén condicionado a que as CCAA aumenten a súa porcentaxe de participación do 23% do plan anterior até o 40% para o vindeiro.

É dicir que dos 26,7M€ anuais do plan anterior, a Xunta financiaba 6,15M€ e o Estado 20,58M€. Para o seguinte plan a Xunta deberá aportar 30,4M€ e o Estado 45M€.

Asinado o día 25/06/2025 ás
09:48
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 25/06/2025 ás
09:48
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A postura que trasladou o Presidente da Xunta de Galiza logo da reunión é o seu rexeitamento a este acordo, aliñado coas posicións dos demais presidentes autonómicos do PP. Porén en días posteriores esa negativa foi matizándose, de forma que neste momento os galegos e galegas descoñecen cal é a posición do presidente da Xunta a respecto deste acordo.

Dende o BNG consideramos que ante a actual situación de emerxencia habitacional é urxente incrementar de forma significativa o investimento público en materia de vivenda de forma que permita ampliar a oferta de vivenda pública e de vivenda a prezos accesibles. Sería unha auténtica irresponsabilidade por parte da Xunta traballar en contra do aumento do orzamento en vivenda. Rexeitar o acordo e a transferencia de fondos en vivenda vai en contra das persoas e só en favor da estratexia de oposición furibunda do PP en Madrid. É necesario que esta cámara clarifique se o sr. Rueda e o grupo popular que o sostén traballa para a campaña de desgaste en favor de Feijóo ou para os galegos e galegas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a alcanzar un acordo co goberno do Estado que permita aumentar o orzamento do vindeiro Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 en, cando menos, as cantidades propostas polo Goberno do Estado.”

Santiago de Compostela, á data da sinatrua electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/06/2025 9:48:33

Luis Bará Torres na data 25/06/2025 9:48:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 09:51:25
Nº Rexistro: 27870
Data envío: 25/06/2025 09:51:25.785

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 9:51:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 09:51:25
Nº Rexistro: 27870
Data envío: 25/06/2025 09:51:25.785

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:17:21
Nº Rexistro: 27881
Data envío: 25/06/2025 13:17:21.127

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:11
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir o convenio e resolver a débeda pendente co Consorcio para a Promoción da Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza.

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:11
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fontes de financiamento público achegadas ao Consorcio para a Promoción da Música para o proxecto didáctico e artístico da Orquestra Sinfónica de Galiza proceden do Concello da Coruña, da Deputación da Coruña e da Xunta de Galiza.

Os compromisos económicos asumidos polo Concello da Coruña e mais pola Deputación da Coruña mantivéronse no tempo, contribuíndo a garantir a excelencia dun proxecto musical artístico e formativo de referencia a nivel nacional e internacional.

No entanto, a Xunta de Galiza leva varios anos incumprindo o compromiso asinado no convenio de 2004 polo que se comprometía a financiar a Orquestra Sinfónica de Galiza anualmente con 3 millóns de euros.

Desde hai máis dunha década a Xunta de Galiza achega ao Consorcio para a Promoción da Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza unha cantidade inferior á asinada no convenio, acumulando unha débeda de máis de 5 millóns de euros que está a comprometer a viabilidade da Orquestra Sinfónica, do Coro, da Orquestra Xove e das agrupacións infantís.

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:11
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Grupo Parlamentar do BNG defendemos na Comisión 4ª celebrada o 21 de novembro de 2024 a necesidade de a Xunta sentarse a falar coa xerencia do Consorcio para acordar un plan económico extraordinario co obxectivo de resolver a débeda contraída co financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza.

Unha demanda xusta á que o PP respondeu co seu voto en contra.

Na actualidade, esta demanda volveu facerse pública a través das palabras do novo xerente do Consorcio para a Promoción da Música, nomeado recentemente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a abrir, á maior brevidade, un marco de diálogo coa Xerencia do Consorcio para a Promoción da Música co obxectivo de acordar un plan económico extraordinario que cumpra o compromiso asinado no convenio de 2004 e resolver, de forma progresiva e no curto prazo, a débeda contraída co financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/06/2025 13:11:22

Iria Taibo Corsanego na data 25/06/2025 13:11:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/06/2025 13:11:48

Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2025 13:12:01



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 13:17:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:17:21
Nº Rexistro: 27881
Data envío: 25/06/2025 13:17:21.127

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:38:52
Nº Rexistro: 27886
Data envío: 25/06/2025 13:38:52.049

Asinado o día 25/06/2025
13:37
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Ariadna Fernández González** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o peche da oficina agraria de Forcarei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falla de servizos que sofre o rural e do que o propio Consello de Contas se fai eco, é un dos motivos primordiais para a crise demográfica que sofren as zonas do interior do país, nomeadamente no caso de Lugo e Ourense, máis tamén no interior das outras dúas provincias. Concretamente a comarca do Deza Tabeirós e Terra de Montes, sofre unha sangría poboacional onde Forcarei cobra especial importancia, con mais de medio cento de habitantes menos no pasado 2024, cunha baixada do 1,8% de residentes.

A pesares de que a mingua de veciños e veciñas é clara neste concello deza, dende a Xunta de Galiza, lonxe de aportar solucións e garantir todos os servizos posibles para a poboación rural dos concellos destas características, o pasado martes 17 de xuño, publicábase no DOG a orde do día 5 dese mesmo mes, na que se suprimen as oficinas de rexistro das oficinas agrarias comarcais de Forcarei e Tui. No caso desta localidade de Terra de Montes, con esta supresión que trae a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, deixan á poboación sen dito servizo, obrigándoa a desprazarse á localidade de Silleda, a preto de media hora en coche e máis de 20 quilómetros de distancia.

A través da premisa da optimización de recursos e o principio de eficacia, o 21 de abril deste presente ano, o secretario xeral técnico da Consellería de Medio Rural solicitou a supresión de dita oficina de Forcarei, informada positivamente pola Oficina do Rexistro

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:37
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 25/06/2025 ás
13:37
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Xeral, a Xunta de Galiza continúa a desasistir a un rural con graves carencias e ao que non se lle da a oportunidade de gozar de todos os servizos aos que ten dereito.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a eestablecer o servizo na oficina de rexistro da oficina agraria comarcal de Forcarei coa maior axilidade posible, garantindo que se cobren os servizos que os veciños e veciñas precisan.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/06/2025 13:37:11

Secundino Fernández Fernández na data 25/06/2025 13:37:20

Luis Bará Torres na data 25/06/2025 13:37:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:38:52
Nº Rexistro: 27886
Data envío: 25/06/2025 13:38:52.049

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:38:52
Nº Rexistro: 27886
Data envío: 25/06/2025 13:38:52.049

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 13:38:52

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:40:47
Nº Rexistro: 27891
Data envío: 25/06/2025 13:40:47,879

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:37
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Distintos medios de comunicación está a facerse eco de artigos publicados nos últimos anos polo que, dende o ano 2023, ocupa a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo. Nestes artigos o Sr. Prado Cuenva defende posicións respecto a estrutura do estado como “las Comunidades Autónomas son entidades administrativas complejas pero no son entidades políticas sensu estricto” ou “la complejidad del estado autonómico viene determinada por su ineficacia” Respecto ao sistema educativo expón opinións como: “a “nova clase ociosa” do profesorado ou a esquerda en xeral” e a todo o que considera como ‘progresismo’ e nacionalismo, tanto no aspecto das ideas políticas como no que el entende como progresismo ‘antipedagógico’. O estudantado tampouco queda fora das súas críticas cando afirma que “non merece ter dereito á folga”. Pero as súas opinións non son so ideolóxicos senón que aporta posicionamentos partidistas cando afirma que partidos deben ser ilegalizados ou que unicamente Vox realiza a defensa da “nación española”.

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:37
Por Silvia Longueira Castro

O pasado 13 de xuño foi publicada a Resolución pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26, asinada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:37
Por Julio Abalde Alonso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

93253

28071 Madrid



Sistema Educativo, ocupada polo Sr. Prado Cueva. Nesa resolución inclúese as medidas para garantir a “neutralidade ideolóxica”, que pretende controlar as actividades que se realicen nas aulas. Esta “neutralidade” ten que ser supervisada pola Inspección Educativa que depende en último caso da Subdirección que ocupa o Sr. Prado Cueva como responsable da coordinación das inspeccións provinciais, e inadmisíbel que o responsable de velar pola neutralidade Ideolóxica” mostre publicamente a súas posicións ideolóxicas para nada neutrais.

Nas declaracións públicas, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, xustifica este posicionamento e a súa inacción no “dereito ten un a ser nacionalista como a non selo, e non podemos formular represalias porque un funcionario público non comulgue cos meus pensamentos». Trata o conselleiro de cingir estas opinións a consideración de nacionalismo ou non, pero non é solo iso, se cuestiona o pluralismo político, a defensa da base do ensino público, dos dereitos do profesorado ou do estudantado ou cargar contra eles, o que inhabilita para desempeñar as funcións da Subdirección que ocupa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cesar de xeito inmediato ao subdirector xeral de Inspección e Avaliación Educativa, por manter publicamente comentarios e opinións contrarias as bases da estrutura do Estado, dos principios educativos e dos dereitos do profesorado e alumnado actitude incompatible con ocupar ese posto dependente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, responsable de xestionar a inspección educativa do noso sistema educativo.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:40:47
Nº Rexistro: 27891
Data envío: 25/06/2025 13:40:47,879

2. Retirar as instrucións da Consellería de Educación para o vindeiro curso escolar 2025/2026, nas que se atopan as normas de Neutralidade Ideolóxica, establecendo de inmediato a negociación das mesmas na Mesa Sectorial.

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

93255

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 25/06/2025 13:37:17

Silvia Longueira Castro na data 25/06/2025 13:37:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/06/2025 13:37:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:40:47
Nº Rexistro: 27891
Data envío: 25/06/2025 13:40:47.879

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 13:40:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:40:47
Nº Rexistro: 27891
Data envío: 25/06/2025 13:40:47,879

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 25/06/2025 ás 16:27
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ao funcionamento do centro de crise 24 horas para atención a vítimas de violencia sexual de Ourense.

Asinado o día 25/06/2025 ás 16:27
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia a oposición de dunha trintena de colectivos feministas do noso país e a falta de consenso político, o goberno galego impulsou a finais de 2024 os denominados centros de crise 24 horas para a atención ás vítimas de violencia sexual aos que obriga a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como lei do si é si, de forma privatizada.

Un dos cinco centros postos en marcha é o de Ourense, para o que a Xunta de Galiza escolleu localizar o emprazamento no edificio do PAC na rúa Concello. Sorprende que cinco meses despois da súa posta en marcha, que en teoría se fixo segundo a propia Xunta de Galiza cumprindo “os requisitos da súa capacitación técnica, son exixidos e validados pola Goberno Autonómico ” se constante nas Modificacións orzamentarias do mes de maio que o goberno galego remite ao Parlamento Galego en cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, unha modificación de crédito conducente a facer obras nesta instalación.

Asinado o día 25/06/2025 ás 16:27
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, consta información verbo do Expediente TR-08-013-25 que consiste nunha modificación de crédito por valor de 50.000 euros da aplicación 2025.08.06.313D.760.0, código de proxecto 2022 00094 para a aplicación 2025.08.06.313D.632.0 (NOVO) do mesmo código de proxecto 2022 00094, coa finalidade de realizar obras de reforma no Centro de Crise 24 horas de Ourense con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resilencia MRR en 2025. Cabe preguntarse, xa que logo, cales son as razóns concretas para este investimento e se o centro non contaba coas adecuadas condicións para a súa posta en marcha en condicións de calidade e privacidade.

Por outra banda, ante o inminente anuncio da Xunta de Galiza da reorganización de traslados con motivo da imposición do traslado de servizos desde o Centro de Saúde Nóvoa Santos, que tamén conta coa oposición das e dos traballadores e usuarios, é preciso que a Xunta aclare a súa posible afectación.

Así mesmo, seis meses despois da posta en funcionamento do Centro a Xunta segue ocultando información específica respecto do mesmo, sen remitir información sobre o número de persoas que o usaron, os servizos que se prestaron, as derivacións que se remitiron desde outros servizos, o protocolo de funcionamento concreto na área ou as actividades de sensibilización das que presuntamente debe participar este servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir por escrito á cámara galega os datos solicitados sobre o funcionamento do centro de crise 24 horas de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Remitir ao Parlamento galego información escrita do detalle das obras realizadas de reforma no centro de crise de Ourense así como o detalle da afectación, se a houber, da adaptación do edificio para albergar transitoriamente novos servizos sanitarios, con especial atención á garantía de seguridade e confidencialidade das vítimas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2025 16:27:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/06/2025 16:27:43

Olalla Rodil Fernández na data 25/06/2025 16:27:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27909
Data envío: 25/06/2025 16:28:49.616

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27909
Data envío: 25/06/2025 16:28:49.616

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 16:28:50

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputado **Iria Taibo Corsanego** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as novas verteduras na praia de Santa Cruz (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A praia do Porto de Santa Cruz está incluída na listaxe de lugares nos que está prohibido o baño do Rexistro de Augas de Baño de Galiza, xa que a auga non supera o limiar de calidade. Alén disto, nos últimos días é posíbel observar unha mancha cando a marea está alta, ademais dun cheiro moi forte a augas fecais, tal e como pode relatar calquera persoa que transite a zona de xeito habitual (trátase dunha zona moi frecuentada nesta época do ano), en concreto nos arredores da pasarela que comunica a illa do castelo co paseo.

Augas de Galiza é o organismo responsábel do control de verteduras, polo que demandamos a inspección e corrección urxente desta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Estudar a orixe da nova contaminación que se está a producir na praia do Porto de Santa Cruz.

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:00
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:00
Por Iria Taibo Corsanego





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Pór todos os medios para corrixir esta contaminación e establecer as sancións preceptivas, se corresponde.”

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/06/2025 17:00:08

Luis Bará Torres na data 25/06/2025 17:00:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:04:33
Nº Rexistro: 27920
Data envío: 25/06/2025 17:04:33.158

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:04:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:04:33
Nº Rexistro: 27920
Data envío: 25/06/2025 17:04:33.158

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Prado Cores, Carmela González Iglesias** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre o posible peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza trata de facer crer que a apertura do novo Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia supón ampliar a infraestrutura sanitaria da cidade. Porén a apertura do novo centro implicaba a substitución do centro López Mora, e agora, ademais segundo informacións publicadas, podería agochar tamén o peche do centro Nicolás Peña xa que a Consellería vén de trasladar unha proposta para o traslado de todo o seu persoal ao novo CIS.

A pesar de que se reconece que a Área Sanitaria carece de espazos sanitarios semella que a Xunta de Galiza segue parcheando e degradando a situación da sanidade viguesas a base de desprazar sanitarios e pechar centros en lugar de facer unha forte aposta por incrementar a rede asistencial.

Ademais o novo centro de saúde podería tamén supor o peche de servizos de pediatría, saúde bucodental, fisioterapia ou matrona doutros centros de saúde que se concentraría no novo CIS Olimpia Valencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza sostiña até o de agora que o Nicolás Peña non se pecharía mais agora o goberno cuestiona os seus compromisos coa posición contraria por parte do persoal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a non dismantelar o Centro de Saúde Nicolás Peña”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/06/2025 17:08:19

María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2025 17:08:40

Carmela González Iglesias na data 25/06/2025 17:09:06

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/06/2025 17:09:23

Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2025 17:09:32



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:11:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:11:48
Nº Rexistro: 27922
Data envío: 25/06/2025 17:11:48.012

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Manuel Santos Costa, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O porto deportivo de Baiona é unha infraestrutura estratéxica para o desenvolvemento económico, turístico e social da vila. As obras de mellora e ampliación que se están a executar contan con todas as licencias e informes necesarios segundo as autorizacións emitidas por Portos de Galicia, Patrimonio, Calidade Ambiental, Ministerio de Transición Ecolóxica e demais organismos competentes, tal e como consta na documentación administrativa.

Resulta profundamente incoherente que quen no seu momento defendeu publicamente este proxecto —como é o caso do portavoz do PSOE en Baiona, Carlos Gómez— lidere agora unha ofensiva mediática e xudicial contra unhas obras que contan co respaldo legal e técnico dos organismos competentes. A utilización partidista das institucións, como a Fiscalía de Medio Ambiente, para entorpecer unha actuación plenamente legal, é un exemplo máis da política do “non por sistema” que o PSOE aplica en Galicia e suporía un incumprimento da legalidade por parte da Administración autonómica se negase a posibilidade de execución dun proxecto que conta con todos os permisos que se recollen na normativa vixente para o seu desenvolvemento.

Esta actitude pon en risco unha actuación que supón a modernización das instalacións portuarias, o impulso ao turismo náutico e a dinamización da actividade económica local, xerando emprego e oportunidades.

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:48
Por Alberto Pazos Couñago



Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda como Resolución reprobar as actuacións políticas incoherentes e obstrutivas promovidas polo PSOE local, que pretenden paralizar unha infraestrutura estratéxica, como é o porto deportivo de Baiona, só por intereses partidistas e sen base xurídica sólida

Asemade insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Defender, no proceso xudicial aberto, a conformidade, pertinencia, o contido e o alcance dos informes preceptivos emitidos polos técnicos dos diferentes departamentos autonómicos competentes.
- 2.- Seguir traballando pola mellora e modernización da rede portuaria galega, en particular no concello de Baiona, dando cumprimento aos criterios técnicos, legais e de interese xeral que sempre fundamentan estas actuacións”.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/06/2025 17:48:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:48:35
Nº Rexistro: 27927
Data envío: 25/06/2025 17:48:35.163

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:48:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:48:35
Nº Rexistro: 27927
Data envío: 25/06/2025 17:48:35.163

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:49:11
Nº Rexistro: 27929
Data envío: 25/06/2025 17:49:11.919

Asinado o día 25/06/2025 ás 17:43
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Camiña Rural impulsado pola Xunta de Galicia é unha iniciativa que busca mellorar a rede de camiños de titularidade municipal no rural galego. Contribúe a mellorar a calidade de vida da veciñanza, facilitar o acceso aos servizos básicos, apoiar a actividade agraria e favorecer o asentamento poboacional.

Porén, desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que os recursos destinados a este plan resultan claramente insuficientes para dar resposta ás necesidades reais dos concellos. A elevada demanda de actuacións e o contexto actual de incremento dos custos de materiais e execución de obras fan necesario reforzar o orzamento asignado ao programa.

Ademais, é imprescindible avanzar cara unha distribución máis equilibrada e transparente dos fondos, que teña en conta criterios obxectivos como a dispersión poboacional, o envellecemento demográfico ou a superficie rural dos municipios.

Asinado o día 25/06/2025 ás 17:43
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 25/06/2025 ás 17:43
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93275

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:49:11
Nº Rexistro: 27929
Data envío: 25/06/2025 17:49:11.919

Por todo isto, e co obxectivo de reforzar o compromiso coa cohesión territorial e o desenvolvemento rural, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar de forma substancial o orzamento do Plan Camiña Rural para os anos 2025 e 2026, adaptándoo á demanda real dos concellos e ao incremento dos custos de execución de obras.
2. Revisar os criterios de distribución dos fondos para garantir unha asignación máis xusta e equilibrada, priorizando os concellos con maior dispersión poboacional, superficie rural e necesidades de accesibilidade.

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93276

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/06/2025 17:43:08

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/06/2025 17:43:15

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/06/2025 17:43:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:49:11
Nº Rexistro: 27929
Data envío: 25/06/2025 17:49:11.919

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:49:11
Nº Rexistro: 27929
Data envío: 25/06/2025 17:49:11.919

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:49:12

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a intervención do presidente Rueda en castelán na XXVIII Conferencia de Presidentes de Barcelona.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de xuño, tivo lugar no Palau de Pedralbes de Barcelona a XXVIII Conferencia de Presidentes, na que, por primeira vez, era posíbel usar todas as linguas oficiais do Estado, xa que a reunión contaba con servizo de interpretación.

Tanto o lehendakari vasco como o president catalán fixeron uso das súas linguas oficiais, mais o presidente Rueda só usou a lingua galega para saudar, a pesar de que o Artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza indica “Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

O goberno galego iniciou un proceso polo cal afirma ter a vontade de chegar a un pacto con todos os grupos políticos para acordar un novo marco para a promoción da lingua galega. Este tipo de actuacións simbolizan o escaso aprecio que ten o presidente Rueda polo noso idioma, ademais do seu nulo interese por defender a lingua galega, mesmo esquecendo as súas obrigas estatutarias.

No Parlamento Galego, en diversos debates nos que se fixo referencia a esta cuestión, o presidente Rueda mesmo chegou a afirmar que sería de mala educación





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

intervir en galego nesta conferencia, a pesar de contar cos medios técnicos para poder facelo, e de que o seu deber como presidente é potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta o Goberno galego a usar a lingua galega en todos os espazos públicos nos que sexa posíbel, en cumprimento do Artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza: “Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/06/2025 17:58:21

Mercedes Queixas Zas na data 25/06/2025 17:58:30

Daniel Castro García na data 25/06/2025 17:58:40

Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2025 17:58:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:00:36
Nº Rexistro: 27939
Data envío: 25/06/2025 18:00:36.337

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 18:00:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:00:36
Nº Rexistro: 27939
Data envío: 25/06/2025 18:00:36.337

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz, Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e con cordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.-**

Exposición de Motivos

O informe feito público polo Goberno de España sobre as causas do recente apagamento masivo sinala de forma directa unha responsabilidade clara de Red Eléctrica Española, unha empresa público-privada con participación maioritaria do Goberno central, cuxa actual presidenta foi ministra no Executivo de Pedro Sánchez. As conclusións indican que o número de grupos axustados con capacidade de control de tensión era inferior ao previsto, o que evidencia unha preocupante falta de previsión e xestión por parte do operador do sistema.

Con todo, a presidenta de Red Eléctrica Española desmentiu abertamente esta versión, apuntando a unha clara responsabilidade do propio Goberno central por non dotar ao sistema das condicións adecuadas nin coordinar os recursos enerxéticos de forma eficaz. Este cruzamento de acusacións públicas entre organismos do propio Estado evidencia unha alarmante falta de cohesión, transparencia e liderado por parte do Executivo central, que en lugar de ofrecer certezas á cidadanía, contribúe a xerar confusión e desconfianza na xestión enerxética.

Desde o Goberno galego remarcouse a importancia de contar cun mix enerxético que aposte pola estabilidade do sistema, así como unha rede de transporte e distribución robusta e resiliente. É necesario reforzar as infraestruturas e apostar por solucións que garantan a subministración eléctrica sen renunciar ás enerxías renovables.

Á vista da gravidade do ocorrido e da falta de transparencia e coordinación do Goberno central coas comunidades autónomas, resulta imprescindible esixir responsabilidades e demandar accións contundentes para evitar que se repitan situacións similares.

Asinado o día 25/06/2025 ás
18:05
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

1. Asuma responsabilidades polas deficiencias detectadas no funcionamento de Red Eléctrica Española durante o recente apagamento, así como pola súa falta de liderado e coordinación en materia enerxética.
2. Implemente unha mellora inmediata das infraestruturas de transporte e distribución eléctrica, garantindo a resiliencia e estabilidade do sistema, especialmente en comunidades periféricas como Galicia.
3. Impulse unha maior coordinación coas comunidades autónomas na planificación enerxética e nos protocolos de actuación ante incidencias de gran impacto como apagamentos masivos, asegurando a súa participación nas comisións técnicas e de seguimento.
4. Poña en marcha investimentos específicos para reforzar a rede eléctrica en Galicia, co obxectivo de garantir unha subministración segura e continua para a cidadanía e o tecido empresarial galego.”

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/06/2025 18:05:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:05:51
Nº Rexistro: 27944
Data envío: 25/06/2025 18:05:51.027

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:05:51
Nº Rexistro: 27944
Data envío: 25/06/2025 18:05:51.027

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 18:05:51

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:06:42
Nº Rexistro: 27947
Data envío: 25/06/2025 18:06:42.293

Asinado o día 25/06/2025 ás 18:04
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia, o sector gandeiro de vacún de carne está fortemente vinculado ao noso territorio e xoga un papel clave para a poboación do medio rural. Conta cun importante potencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental, e é esencial para o aproveitamento sostible dos recursos naturais e a conservación da paisaxe e da biodiversidade.

As Indicacións Xeográficas Protexidas de vacún de carne en Galicia son instrumentos fundamentais para garantir a calidade e trazabilidade dos produtos cárnicos galegos, así como asegurar un valor engadido para os produtores e contribuír ao desenvolvemento do medio rural.

A pesar destes instrumentos, o sector continúa a enfrontar desafíos que limitan o seu pleno desenvolvemento, tales como poden ser a falta de homoxeneidade do produto, que dificulta a súa trazabilidade ou o desequilibrio estacional, que está a repercutir negativamente nos prezos percibidos polos produtores en determinados períodos do ano.

A comercialización e promoción destas carnes continúa a ser insuficiente para alcanzar o máximo potencial, sendo necesarias unha serie de medidas por parte da Xunta de Galicia en apoio ao sector para impulsar a súa promoción nos mercados.

Asinado o día 25/06/2025 ás 18:04
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 25/06/2025 ás 18:04
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

93287

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-12Y6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:06:42
Nº Rexistro: 27947
Data envío: 25/06/2025 18:06:42.293

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar medidas para:

1. Mellorar a homoxeneidade do produto.
2. Paliar o desequilibrio estacional.
3. Potenciar a súa comercialización e promoción.

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

93288

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/06/2025 18:04:27

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/06/2025 18:04:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/06/2025 18:04:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:06:42
Nº Rexistro: 27947
Data envío: 25/06/2025 18:06:42.293

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:06:42
Nº Rexistro: 27947
Data envío: 25/06/2025 18:06:42.293

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 18:06:43

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:12:17
Nº Rexistro: 27953
Data envío: 25/06/2025 18:12:17.898

Asinado o día 25/06/2025 ás 18:11
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer co avance do uso do galego no tecido socioeconómico.

Asinado o día 25/06/2025 ás 18:11
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ademais, é imprescindible avanzar cara unha distribución máis equilibrada e transparente dos fondos, que teña en conta criterios obxectivos como a dispersión poboacional, o envellecemento demográfico ou a superficie rural dos municipios.

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:42
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:42
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93341

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:49:36
Nº Rexistro: 27930
Data envío: 25/06/2025 17:49:36.264

Por todo isto, e co obxectivo de reforzar o compromiso coa cohesión territorial e o desenvolvemento rural, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o orzamento destinado ao Plan Camiña Rural nas convocatorias correspondentes aos anos 2025 e 2026, co obxectivo de dar resposta á crecente demanda dos concellos e ao incremento dos custos de execución das obras?

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

93342

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/06/2025 17:42:51

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/06/2025 17:42:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:49:36
Nº Rexistro: 27930
Data envío: 25/06/2025 17:49:36.264

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:49:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:49:36
Nº Rexistro: 27930
Data envío: 25/06/2025 17:49:36,264

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:06:58
Nº Rexistro: 27948
Data envío: 25/06/2025 18:06:58,650

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En Galicia, o sector gandeiro de vacún de carne está fortemente vinculado ao noso territorio e xoga un papel clave para a poboación do medio rural. Conta cun importante potencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental, e é esencial para o aproveitamento sostible dos recursos naturais e a conservación da paisaxe e da biodiversidade.

As Indicacións Xeográficas Protexidas de vacún de carne en Galicia son instrumentos fundamentais para garantir a calidade e trazabilidade dos produtos cárnicos galegos, así como asegurar un valor engadido para os produtores e contribuír ao desenvolvemento do medio rural.

A pesar destes instrumentos, o sector continúa a enfrontar desafíos que limitan o seu pleno desenvolvemento, tales como poden ser a falta de homoxeneidade do produto, que dificulta a súa trazabilidade ou o desequilibrio estacional, que está a repercutir negativamente nos prezos percibidos polos produtores en determinados períodos do ano.

A comercialización e promoción destas carnes continúa a ser insuficiente para alcanzar o máximo potencial, sendo necesarias unha serie de medidas por parte da Xunta de Galicia en apoio ao sector para impulsar a súa promoción nos mercados.

Asinado o día 25/06/2025 ás
18:04
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 25/06/2025 ás
18:04
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93345

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:06:58
Nº Rexistro: 27948
Data envío: 25/06/2025 18:06:58,650

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia fomentar medidas que consigan mellorar a homoxeneidade do produto?
2. Vai a Xunta de Galicia impulsar medidas coas que poder paliar o desequilibrio estacional que se está a producir?
3. Vai a Xunta de Galicia fomentar medidas que impulsen a súa comercialización e promoción?

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93346

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/06/2025 18:04:11

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/06/2025 18:04:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:06:58
Nº Rexistro: 27948
Data envío: 25/06/2025 18:06:58,650

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 18:06:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:06:58
Nº Rexistro: 27948
Data envío: 25/06/2025 18:06:58,650

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:13:30
Nº Rexistro: 27971
Data envío: 26/06/2025 12:13:30,788

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:11
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer co avance do uso do galego no tecido socioeconómico.

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:11
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lingua galega é motor de emprego e de desenvolvemento económico, tamén desde o seu valor como marca identitaria; é por iso que, desde o BNG, entendemos que estes criterios necesariamente deben estar acompañados dunha política lingüística centrada na restitución da igualdade para o galego nun espazo comunicativo de alto valor socializador e de prestixio como é o económico.

De feito, acaba de lle poñer cifras ao valor económico do galego un novo informe do Consello da Cultura Galega: o impacto da lingua galega na economía supón como mínimo 1.440 millóns de euros.

Con todo, esta visión non semella ser partillada polo goberno do PP. En resposta ás preguntas do BNG, en setembro de 2021 o actual Secretario xeral de lingua anunciaba en sede parlamentaria a elaboración do segundo plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico, ao tempo que confirmaría que presentaría “moi pronto” a avaliación do primeiro plan que abrangueu o período 2016-2020.

Transcorridos case catro anos destes anuncios do Secretario xeral de lingua, o Sr. Valentín García, ningún dos dous anuncios se concretaron en realidades beneficiosas para a lingua galega.

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:11
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No pasado pleno do 6 de maio, o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude anunciou que a Xunta crearía un selo para impulsar o uso da lingua no ámbito socioeconómico. Asemade, o Conselleiro avanzou na súa comparecencia no pleno que as empresas comprometidas co galego terán vantaxe na concesión de axudas e nos procedementos do Executivo autonómico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que accións está a impulsar a Xunta para acrecentar o uso da lingua galega no ámbito socioeconómico?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/06/2025 12:11:30

Iria Taibo Corsanego na data 26/06/2025 12:11:36

Daniel Castro García na data 26/06/2025 12:11:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:13:30
Nº Rexistro: 27971
Data envío: 26/06/2025 12:13:30,788

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 12:13:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:13:30
Nº Rexistro: 27971
Data envío: 26/06/2025 12:13:30,788

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:17:02
Nº Rexistro: 27981
Data envío: 26/06/2025 12:17:02.006

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:14
Por Alexandra Fernáñez

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os centros de coidados intermedios anunciados pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Partido Popular leva anunciando catro anos a creación de dous centros de coidados intermedios en Galiza.

Facendo un breve repaso cronolóxico:

O presidente da Xunta de Galiza, daquela Alberto Núñez Feijoo, anunciaba en 2021 no marco do debate de política xeral que ían abrir dous centros de coidados intermedios no ano 2022. Algo que non aconteceu.

De novo durante o debate do estado da nación mais de 2023, o presidente da Xunta de Galiza volvía repetir o mesmo anuncio.

“O 2024 será o ano no que se inaugure en Santiago o primeiro centro de coidados intermedios público de España para atender a xente maior que, despois de recibir unha alta hospitalaria, non poida aínda ir ao seu domicilio, á súa residencia e necesite unha atención intermedia, que é ao que se vai dedicar este centro. En paralelo, avanzaremos no acondicionamento dun espazo igual no antigo hospital Rebullón, no concello de Mos. É dicir, Galicia terá, sucesivamente —xa o primeiro no ano 2024— dous centros pioneiros en España de coidados intermedios para as persoas maiores”.

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:14
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:14
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

De feito, sobre o centro que se ubica no CEGADI, cuxa infraestrutura está feita, non está operativo malia que anunciaron a súa posta en funcionamento en sucesivas ocasións. Primeiro ía ser “a comezos de 2024” e máis tarde “a finais” dese mesmo ano.

Porén, a única realidade é que ningún dos dous centros de coidados intermedios anunciados e prometidos están operativos a mediados de 2025.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Cando van estar en funcionamento os centros de coidados intermedios que a Xunta de Galiza leva anunciando catro anos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/06/2025 12:14:38

Iria Carreira Pazos na data 26/06/2025 12:14:46

Alexandra Fernández Gómez na data 26/06/2025 12:14:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:17:02
Nº Rexistro: 27981
Data envío: 26/06/2025 12:17:02.006

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 12:17:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:17:02
Nº Rexistro: 27981
Data envío: 26/06/2025 12:17:02.006

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza asuma a competencia de todos os Comedores Escolares xestionados polos Concellos e ANPAs na actualidade, así como de universalizar o servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comedor escolar nos centros educativos é un servizo de apoio ás familias consistente en ofrecer o xantar ao remate da xornada lectiva matinal. O obxectivo principal deste servizo é a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais do alumnado, así como garantir un menú equilibrado a aquel alumnado de familias en risco de exclusión.

Trátase dun servizo que forma parte daqueles que a Consellería de Educación denomina “Servizos Educativos Complementarios”, xunto co transporte escolar ou as aulas matinais ou tardías (malia que as aulas pertencen á Consellería de Política Social), estando regulado no Decreto 132/2013, do 1 de agosto. Estes servizos básicos para a cidadanía na actualidade, deberan ser considerados como tal e non “complementarios”

O decreto cumpre en xeral o mandato da Constitución española que consagra o dereito á educación e corresponde aos poderes públicos garantir o seu exercicio en condicións de igualdade, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e promovendo as condicións para que esta igualdade sexa real e efectiva.

Asinado o día 26/06/2025 ás
13:21
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 26/06/2025 ás
13:20
Por Cristina Fernández Davila



En particular, o decreto baséase nos principios e habilitacións legais xerais para a actuación das administracións educativas que se atopan en distintos artigos da Lei orgánica de educación (LOE).

Así, pódese citar o seu artigo 80, que sinala de xeito textual:

«1. Co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as administracións públicas desenvolverán **accións de carácter compensatorio** en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso.

2. As políticas de educación compensatoria reforzarán a acción do sistema educativo de forma que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos u doutra índole.

3. Correspóndelles ao Estado e ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia fixar os seus obxectivos prioritarios de educación compensatoria».

En calquera caso, estamos perante dun servizo altamente demandado na actualidade, por parte da sociedade galega e que cando a Consellería de Educación non asume a súa competencia, é prestado polas asociacións de nais e pais do alumnado (ANPAS) ou polos concellos que voluntariamente acorden dar cobertura a esta actividade escolar complementaria.

Estas decisións tómanse para garantir o dereito de acceso ao ámbito laboral das mulleres maiormente. É evidente que na sociedade actual os servizos de conciliación, téñense tornado básicos á hora de poder acceder a un emprego e/ou desenvolver unha carreira profesional en condicións minimamente factíbeis. De aí, que ao longo do tempo e, na medida en que as necesidades sociais así o demandan, o sistema educativo público





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debe estender os seus servizos, de xeito flexible e atenta á propia evolución da sociedade.

Por outro lado, conforme o apartado 2, letra n) do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este tipo de prestacións non entran dentro da esfera das competencias propias dos concellos, pero teñen accedido a convenios coa Consellería de Educación para poder implantar e viabilizar este servizo nos centros escolares, malia que esta modalidade de actuación tórnase claramente insuficiente e discriminatoria.

Non parece de recibo que estes servizos educativos complementarios recaían indefinidamente nuns concellos actualmente sobrecargados no exercicio de competencias impropias e cun financiamento claramente deficitario. Asemade, tampouco resulta axeitado, facer depender da vontade política de cada concello a implantación deste tipo de servizos, en contra do principio de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia das persoas, eventuais beneficiarias do referido servizo (máxime nunha Comunidade Autónoma como a galega, caracterizada pola dispersión poboacional e as consecuencias de todo tipo que isto supón).

As familias con xestión dos concellos ou ANPAS deben abonar importes moito máis elevados por cada menú en comparación cos aplicados pola Consellería segundo a renda, onde a meirande parte das familias están exentas de pago ou tan só abonan un euro, sendo imposible para eles poder asumir esas diferenzas no custo ou poder asumilo na súa totalidade por parte da administración local.

A alternativa actual da Xunta de Galiza é errada, porque xera desigualdade para as familias integradas en concellos ou ANPAS que non optaron por implementar este servizo educativo esencial. Neste sentido cómpre sinalar a función que debe exercer a Xunta de Galiza –a través da Consellería de Educación- como garante da igualdade entre todas as galegas e galegos, tanto desde un punto de vista territorial, como desde a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

igualdade social. E así mesmo, os requisitos e condicións de desenvolvemento do servizo de comedor escolar, debe artellarse en condicións de igualdade para todos os centros docentes públicos e concertados do país nos que haxa demanda das familias.

Cómpre avanzar nunha educación pública de calidade para todas as persoas e, asemade, dar cumprimento á tarefa fundamental de facer efectiva a igualdade real entre homes e mulleres a través da implementación de programas reais de conciliación da vida laboral e familiar e, moi concretamente, a través da universalización destes servizos educativos, tendo en conta a equidade e compensación das desigualdades en educación, ao respecto da igualdade de oportunidades no ámbito rural.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que pasos vai dar a Consellaría de Educación para asumir os comedores escolares como un servizo propio, sumando aqueles que están a xestionar as ANPAS e os concellos e que están a sufrir unha discriminación por razón de orixe con respecto a outros centros educativos xestionados pola Xunta de Galiza, así como impulsar outros novos en aqueles centros que non contan con este servizo e as familias o demandan?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/06/2025 13:20:50

Ariadna Fernández González na data 26/06/2025 13:21:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 13:25:57
Nº Rexistro: 27983
Data envío: 26/06/2025 13:25:57,446

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 13:25:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 13:25:57
Nº Rexistro: 27983
Data envío: 26/06/2025 13:25:57,446

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 13:50:05
Nº Rexistro: 27745
Data envío: 20/06/2025 13:50:05.600

Asinado o día 20/06/2025 ás 13:48
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Lara Méndez López e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Quizais o servizo de codificación e diagnóstico dun hospital sexa unha das tarefas menos coñecidas dun hospital. Con todo é un servizo moi importante para o seu funcionamento.

Poderíamos dar moitas razóns, pero entre elas destacaríamos que os diagnósticos deben ser cualificados con sistemas estandarizados que será o que permita que poidan ser utilizados por diferentes profesionais, por investigadores e polas administracións implicadas, sen xerar dúbidas na súa interpretación. E unha codificación correcta é esencial para o seguimento dunha historia clínica.

Todo iso sen esquecer utilizacións que levan a cabo dentro do ámbito da saúde pública ou a elaboración de informes e estatísticas.

E a pesar da importancia que este servizo ten, vemos como o Area Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos sacou a licitación o servizo de codificación de diagnósticos e procedementos de altas hospitalización a domicilio dos hospitais públicos incluídos na súa área sanitaria.

Estamos ante unha privatización dunha actividade esencial como sinalamos. Unha decisión onde se opta polo privado en detrimento do público.

Asinado o día 20/06/2025 ás 13:48
Por Lara Méndez López

Asinado o día 20/06/2025 ás 13:48
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

93363

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 13:50:05
Nº Rexistro: 27745
Data envío: 20/06/2025 13:50:05.600

Unha privatización onde ata a data estaba a realizarse con calidade e seguridade desde o ámbito do público.

Unha privatización, que ademais da consideración principal de privatización da sanidade, ten unha gran importancia, se pensamos que a empresa que resulte adxudicataria, poderá acceder ao sistema que contén todas as historias clínicas do Sergas (IANUS), abríndose o debate do delicado tema da confidencialidade.

Por todo iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galicia a paralizar a licitación do sistema de codificación de diagnósticos e procedementos de altas hospitalarias do Area Sanitaria de Lugo, a Mariña e Monforte de Lemos?

Santiago de Compostela, a 20 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93364

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 20/06/2025 13:48:10

Lara Méndez López na data 20/06/2025 13:48:18

Silvia Longueira Castro na data 20/06/2025 13:48:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 13:50:05
Nº Rexistro: 27745
Data envío: 20/06/2025 13:50:05.600

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/06/2025 13:50:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 13:50:05
Nº Rexistro: 27745
Data envío: 20/06/2025 13:50:05.600

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 17:33:54
Nº Rexistro: 27776
Data envío: 20/06/2025 17:33:54.972

Asinado o día 20/06/2
Por Juan Manuel Cas
Gándara

Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

A Consellería do Medio Rural traballa na posta en valor de diversos espazos, en particular, na mellora das infraestruturas e terreos susceptibles de aproveitamento agrario co obxecto de dinamizar as zonas rurais.

O réxime xurídico dos regadíos galegos vén dado pola lei que os declarou de interese xeral, que é sempre unha norma estatal, non autonómica.

A regulación, por tanto dos regadíos, é estatal; para os máis antigos como o regadío de Val de Lemos (Monforte, Sober, Pantón, Bóveda e A Pobra do Brollón) vén dada pola Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, texto aprobado polo decreto 118/1973, do 12 de xaneiro, que refunde a normativa en materia de reforma e desenvolvemento agrario. O Decreto 3125/66 declaraba de alto interese nacional a colonización da zona regable de Valle de Lemos. Este proxecto contemplaba a posta en rega dunhas 4.875 has dos concellos de Monforte, Sober, Pantón, Bóveda e A Pobra do Brollón, a partir de augas fluíntes do río Cabe e augas reguladas do río Mao.

Na actualidade, esta infraestrutura atópase en crise por diversas circunstancias, das que podemos destacar:

- O deterioro da infraestrutura hidráulica nesta zona, en moitas partes mesmo non existe, e tamén o crecemento das cidades coas que linda como Monforte, que creceu urbanisticamente desenvolveuse sobre terreos susceptibles de rega.
- Descoñécese exactamente a superficie susceptible de rega e quen son exactamente os regantes, e por tanto quen debe contribuír ao pago das amortizacións da infraestrutura hidráulica propiedade do Ministerio de Transición Ecolóxica (as confederacións hidrográficas e as Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias -SEIASAS-), que hoxe acumulan unha débeda importante.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 20/06/2025 ás
17:30
Por Raquel Arias Rodríguez

Asinado o día 20/06/2025 ás
17:29
Por Katherinie Varela Fernández



Tanto o deterioro da infraestrutura, como o desfase do censo, así como a débeda acumulada do regadío coa Confederación Hidrográfica Miño Sil, pon en perigo o correcto funcionamento dunha infraestrutura que pode axudar a revitalizar o rural no sur da provincia de Lugo, polo que a implicación do goberno do Estado debe ser máis intensa neste asunto.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que traballos está a realizar o Goberno galego para a revitalización e mellora da explotación do Regadío do Val de Lemos?

Santiago de Compostela, 20 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 20/06/2025 17:29:52
Raquel Arias Rodríguez na data 20/06/2025 17:30:07
Juan Manuel Casares Gándara na data 20/06/2025 17:30:15
Enrique Barreiro Sánchez na data 20/06/2025 17:30:23
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 20/06/2025 17:30:38
Cristina Campero Dorado na data 20/06/2025 17:30:51
María Encarnación Amigo Díaz na data 20/06/2025 17:31:03
José Mato Díaz na data 20/06/2025 17:31:18
Nicole Grueira Fernández na data 20/06/2025 17:31:35
Ángel Rodríguez Conde na data 20/06/2025 17:31:51
Cecilia Vázquez Suárez na data 20/06/2025 17:32:08



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/06/2025 17:33:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 17:33:54
Nº Rexistro: 27776
Data envío: 20/06/2025 17:33:54.972

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 11:57:53
Nº Rexistro: 27782
Data envío: 23/06/2025 11:57:53,160

Asinado o día 23/06/2025 ás 11:54
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O centro de saúde de Lobios leva en situación de precariedade asistencial desde finais de 2023, tras quedar vacante a segunda praza de facultativo, provocando unha sobrecarga de traballo sobre a única médica en activo e o resto do persoal sanitario, composto actualmente por dúas prazas de enfermería.

Esta situación foi denunciada polo Grupo Parlamentario Socialista como un colapso asistencial, especialmente grave tendo en conta que Lobios é un concello de poboación envellecida, como acontece na maioría dos municipios da provincia de Ourense, dispersa xeograficamente e con importantes dificultades de acceso a servizos básicos.

Recentemente, eramos coñecedores a través dun periódico local que a Dirección Xeral de Atención Primaria comprometeuse a cubrir a segunda praza médica durante o verán de 2025.

Esta é sen dúbida unha boa nova, pero tamén abre interrogantes fundamentais sobre a organización do espazo físico no centro de saúde, que conta con limitacións para acoller dúas consultas médicas, así como sobre a data exacta e as condicións da incorporación do novo profesional sanitario.

Ante o incremento estacional da poboación durante os meses de verán e as especiais características demográficas da zona, resulta urxente que a Xunta de

Asinado o día 23/06/2025 ás 11:54
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 23/06/2025 ás 11:54
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

93371

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 11:57:53
Nº Rexistro: 27782
Data envío: 23/06/2025 11:57:53.160

Galicia aclare como vai reorganizar os recursos e o espazo dispoñible no centro médico para garantir unha atención primaria digna e segura.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a data concreta prevista para a incorporación do segundo facultativo no centro de saúde de Lobios?

Santiago de Compostela, a 23 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93372

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/06/2025 11:54:24

Elena Espinosa Mangana na data 23/06/2025 11:54:30

Silvia Longueira Castro na data 23/06/2025 11:54:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 11:57:53
Nº Rexistro: 27782
Data envío: 23/06/2025 11:57:53.160

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 11:57:53
Nº Rexistro: 27782
Data envío: 23/06/2025 11:57:53.160

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/06/2025 11:57:53

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 12:46:01
Nº Rexistro: 27788
Data envío: 23/06/2025 12:46:01.260

Asinado o día 23/06/2025 ás 12:44
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza asuma a xestión directa da Unidade de Atención Temperá da Mariña.

Asinado o día 23/06/2025 ás 12:44
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade de Atención Temperá da Mariña é un servizo comarcal con sede no Concello de Burela que o propio concello leva xestionando desde o ano 2006. Trátase dun recurso esencial para atender a crianzas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos e tamén para acompañar e orientar ás súas familias. É un servizo recoñecido dentro da Rede Galega de Atención Temperá, pero que, na práctica, está sendo asumido polo Concello de Burela.

A Unidade atende actualmente a crianzas dos concellos de Ribadeo, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo e O Valadouro, é dicir, a case toda a Mariña. O servizo atende unha media de 120 crianzas ao ano, agora mesmo está funcionando con 50 usuarios e usuarias activas e cunha lista de agarda de arredor de 40 nenos e nenas, o que dá conta da alta demanda e da falta de recursos humanos suficientes.

Asinado o día 23/06/2025 ás 12:44
Por Daniel Castro García

O problema máis grave que existe a día de hoxe é a imposibilidade de cubrir de maneira estable a praza de logopeda. Isto débese a que a profesional que a viña desempeñando rematou o seu contrato —feito a través dun programa de emprego temporal— e a normativa actual impide repetir ese tipo de contratación. A praza non figura na actual Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, polo que non puido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ser estabilizada, ao contrario que as prazas de pedagoga e psicóloga, que si están reguladas na estrutura municipal.

Entre tanto, o goberno municipal está tratando cubrir esa necesidade a través doutros medios, pero mentres iso non ocorre a Consellería de Política Social a única solución que ofreceu foi a de contratar unha empresa privada para cubrir o servizo de logopeda, todo isto mentres non se resolva a convocatoria dun hipotético concurso-oposición.

Esta proposta, ademais de desresponsabilizar á administración autonómica, traslada de novo a carga económica e de xestión aos concellos, neste caso ao de Burela.

Estamos a falar dun servizo que impacta directamente no desenvolvemento vital das crianzas e no apoio ás súas familias. Por iso, non é aceptable que a única resposta da Xunta sexa a de privatizar ou buscarse a vida. Por esa razón o concello de Burela está a solicitar a corresponsabilidade e compromiso institucional, e que dunha vez por todas se aborde con seriedade a situación dos servizos sociais e da atención temperá na Mariña.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Está a Xunta de Galiza disposta a asumir a xestión directa da Unidade de Atención Temperá da Mariña?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/06/2025 12:44:04

Olalla Rodil Fernández na data 23/06/2025 12:44:23

Ariadna Fernández González na data 23/06/2025 12:44:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 12:46:01
Nº Rexistro: 27788
Data envío: 23/06/2025 12:46:01.260

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/06/2025 12:46:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 12:46:01
Nº Rexistro: 27788
Data envío: 23/06/2025 12:46:01.260

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a asistencia sanitaria no Concello de Becerreá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao igual que acontece noutros concellos galegos, a veciñanza de Becerreá viu mermada de maneira notable a súa asistencia sanitaria nos últimos días. Segundo trasladaron ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

- Quedaron sen pediatra logo de que a persoa que prestaba este servizo ás crianzas de Becerreá, Navia de Suarna, Cervantes, As Nogais e Pedrafita –adscritas a este centro-- collese praza noutro lugar. Até o de agora esta persoa acudía dous días á semana ao centro de saúde de Becerreá, dous días ao do Corgo e un ao de Láncara.
- Non están recibindo atención por parte da matrona ao non cubrirse de maneira permanente a praza durante as vacacións da persoa titular.
- Tampouco se cubre de maneira permanente unha das tres prazas de médico de familia da que dispón o centro de saúde de Becerreá o que merma a asistencia sanitaria da poboación.

Esta situación resulta especialmente gravosa cando falamos das nenas e nenos. Neste senso, a resposta da Xunta de Galiza diante das queixas presentadas polas familias é que acudan ás urxencias pediátricas do HULA. Atención hospitalaria que pode servir nunha urxencia mais que non garante a atención continuada –por exemplo nos controis de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

idade-- que integran o Programa da nena e neno san ao que a poboación infantil da montaña de Lugo tamén ten dereito.

Cómpre lembrar que o servizo de pediatría atende máis crianzas que as de Becerreá e que a montaña de Lugo, concretamente a comarca dos Ancares, representa unha basta extensión de territorio cunha poboación tremendamente dispersa. Unha poboación que ten dereito a unha sanidade pública, da máxima calidade e próxima, algo que a Xunta de Galiza non está garantindo en Becerreá.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir a atención sanitaria e pediátrica no Concello de Becerreá?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/06/2025 10:41:58

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/06/2025 10:42:06

María Montserrat Prado Cores na data 24/06/2025 10:42:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 10:43:30
Nº Rexistro: 27819
Data envío: 24/06/2025 10:43:30,759

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 10:43:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 10:43:30
Nº Rexistro: 27819
Data envío: 24/06/2025 10:43:30.759

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao cesamento do director do IGE e ás súas causas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de xuño de 2025 o Diario Oficial de Galiza publicaba o decreto 47/2025, do 23 de xuño, polo que se dispón que cese José Antonio Campo Andiñón como director do Instituto Galego de Estatística.

Así, o DOG recolle como en virtude do establecido nos artigos 4.13 e 34.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e 65 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza, por proposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día anterior, dispónse o cese, despois de décadas de servizo, do señor Campo Andiñón como director do Instituto Galego de Estatística, agradecéndolle os servizos prestados.

Esta decisión non deixa de ser sorprendente. Dunha banda, non se recollía nos acordos do Consello do día anterior. Doutra, esta decisión chega no medio da polémica polo traslado de funcións e competencias do IGE da Consellaría de Facenda á de Presidencia, no medio do cuestionamento público (e inédito) por parte do propio goberno galego das estatísticas e da labor científica do IGE. Esta operación, que busca

Asinado o día 24/06/2025 ás
10:46
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 24/06/2025 ás
10:46
Por Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aumentar o control político e abrir a porta á privatización de funcións, conta con oposición interna do propio organismo.

Esta situación debe ser explicada polo goberno galego. Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cesou o goberno galego ao director do IGE por razóns políticas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/06/2025 10:46:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/06/2025 10:46:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 10:47:47
Nº Rexistro: 27831
Data envío: 24/06/2025 10:47:47,512

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 10:47:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 10:47:47
Nº Rexistro: 27831
Data envío: 24/06/2025 10:47:47,512

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar no CEIP A Lomba no Concello de Vilagarcía de Arousa para garantir a calidade educativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As nais e pais do alumnado matriculado no CEIP A Lomba de Vilagarcía de Arousa, están mobilizándose diante das decisións que está tomando a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que consideran repercuten de maneira negativa na calidade educativa que reciben as crianzas.

O curso pasado a Consellaría decidiu suprimir unha das liñas educativas de 4º de infantil no Edificio da rúa A Xunqueira, o que supuxo unha aula saturada con 18 alumnos e alumnas (que computan como 20, sumando as dobres prazas por discapacidade), ao límite da citada ratio.

Despois da presión das familias, aceptou manter o profesorado desa segunda liña dedicado ,na maioría da súa xornada laboral, á aula existente; pero non se reforzou ao centro co profesorado de apoio necesario para atender as necesidades do alumnado para unha inclusión real, nunha etapa crucial do seu desenvolvemento.

O centro conta con 8 unidades en Educación Infantil e 18 en Educación Primaria. Case 500 nenas e nenos.

Asinado o día 24/06/2025 ás
12:19
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 24/06/2025 ás
12:19
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para á atención deste alumnado, o Centro conta con:

- Tres profesionais de Audición e Linguaxe. Unha delas atende 3 días no edificio A Lomba e 2 no Anexo, e outra 3 días en A Lomba e 2 en unitarias (sendo esta unha praza provisional). A terceira ten o seu posto de traballo adaptado.
- Hai 3 profesionais de Pedagogía Terapéutica. Unha só traballa 4 horas semanais no Edificio da rúa A Xunqueira.

Segundo a P.X.A. do curso 24/25, o número de alumnos/as escolarizados con ne-cesidades específicas de apoio educativo é de 122. Dos que 90 están en A Lomba e 32 no Anexo. Deste alumnado, 33 teñen unha discapacidade certificada igual ou superior ao 25% (25 en A Lomba e 8 no Anexo). Este cómputo é de setembro do ano 2024 polo que non se recolle alumnado admitido despois desta data, nin novos diagnósticos ou avaliacións de discapacidade realizados durante o curso.

Non ten xustificación que os e as representantes da Consellaría non se dignen reunirse coas familias para escoitar as súas peticións e manteña a negativa a desdobrar o aula do Edificio A Lomba cando o mesmo CEIP, actualmente en 4º de infantil, conta cunha liña con 20 alumnos neste edificio e outra con só 8 no Anexo. Nesa mesma aula de 18 nenas e nenos, 2 teñen Necesidades Educativas Especiais (N.E.E.) e 4 con Nece-sidades Específicas de Apoio Educativo (N.E.A.E.).

As nais e pais temen que a negativa a desdobrar liñas educativas, ten como ob-xectivo deixar de ofertar esas prazas no futuro e convidar ao alumnado que non obteña praza a matricularse noutro centro, como fixo o ano pasado co CEIP O Piñeiriño.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que suprimindo liñas, parella educativa e con profesorado itinerante garante un ensino de calidade NO CEIP A Lomba no concello de Vilagarcía de Arousa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/06/2025 12:19:13

Cristina Fernández Davila na data 24/06/2025 12:19:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 12:20:48
Nº Rexistro: 27836
Data envío: 24/06/2025 12:20:48,979

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 12:20:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 12:20:48
Nº Rexistro: 27836
Data envío: 24/06/2025 12:20:48,979

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o número de centros de día públicos no Concello de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente o Concello de Lugo só conta cun único centro de día público dotado con apenas 20 prazas. Trátase do centro de día das Gándaras inaugurado polo goberno autonómico en 1981, hai 44 anos.

Os demais centros, quince segundo os datos publicados no RUEPSS, son privados ou de iniciativa social. En total suman 627 prazas das que só 77 están concertadas pola Xunta.

ENT NOME	ENT CATEGORIA	CEN AREA	CEN PRZ. AUTORIZ.	CEN PRZ. FINANC.
XUNTA DE GALICIA	INICIATIVA PÚBLICA	MAIORES	20	
ASPNAIS-ASOCIACION DE PADRES O TUTORES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE LUGO	INICIATIVA SOCIAL	DISCAPACIDA DE	70	26
CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)	INICIATIVA SOCIAL	DISCAPACIDA DE	60	31
CONCELLO DE LUGO	INICIATIVA PÚBLICA	MAIORES	73	
ALALAS S.L.	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO DE LUCRO	MAIORES	60	
ASOCIACION DE DANO CEREBRAL SOBREVIDO DE LUGO (ADACE LUGO)	INICIATIVA SOCIAL	DISCAPACIDA DE	10	10
FUNDACION CAMIÑA SOCIAL	INICIATIVA SOCIAL	MENORES	14	
ASOCIACION RAIOLAS -LUGO	INICIATIVA SOCIAL	DISCAPACIDA DE	15	10
SANYRES SUR SL	INICIATIVA	MAIORES	60	

Asinado o día 24/06/2025 ás 18:18
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 24/06/2025 ás 18:18
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

	PRIVADA CON ÁNIMO DE LUCRO		
FUNDACION EDUCATIVA E SOCIAL DIGNIDADE	INICIATIVA SOCIAL	MENORES	17
FUNDACION EDUCATIVA E SOCIAL DIGNIDADE	INICIATIVA SOCIAL	MENORES	15
	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO DE LUCRO	MAIORES	60
CALMEGA MAYORES S.L.	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO DE LUCRO	MAIORES	40
ALBERTIA SERVICIOS SOCIO SANITARIOS SA	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO DE LUCRO	MAIORES	40
MARIA CRISTINA GALAN ABELEDO	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO DE LUCRO	MAIORES	93
AZUMARA 2020 S.L.	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO DE LUCRO	MAIORES	

Os centros de día representan un servizo social fundamental para persoas dependentes e con discapacidade ademais dun importante e necesario recurso de conciliación para as súas familias. É máis que evidente que a oferta de prazas actualmente existente no Concello de Lugo é insuficiente e absolutamente ridícula a que corresponde á administración responsábel en dereitos sociais como é a Xunta de Galiza.

Cónstanos –como tamén é sabedora a Xunta de Galiza-- que hai persoas dependentes agardando por unha praza pública nun centro de día sen poder acceder ao recurso ao que teñen dereito porque non hai.

Neste senso, o único investimento previsto pola Xunta de Galiza é a reforma do edificio situado na Rampa de Claudio López no que se prevé crear unha residencia e un centro de día dirixido a persoas con doenzas mentais graves o que servirá –cando conclúa-- para atender as necesidades destas persoas mais non con carácter xeral para o conxunto da poboación ao se tratar dun máis que necesario recurso especializado.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre a Xunta de Galiza garante os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade no Concello de Lugo con apenas un centro de día da súa titularidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/06/2025 18:18:27

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/06/2025 18:18:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 18:20:03
Nº Rexistro: 27859
Data envío: 24/06/2025 18:20:03,538

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 18:20:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 18:20:03
Nº Rexistro: 27859
Data envío: 24/06/2025 18:20:03,538

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a avaliación que a Xunta fai da marca FEST Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes de xuño acaba de se publicar a adxudicación dos contratos de patrocinio con entidades privadas para a celebración de festivais de música profesionais baixo a marca FEST Galicia.

A dotación económica desta convocatoria é de 350.000 euros e os obxectivos que a sustentan son os seguintes:

- Situar os festivais galegos como un produto cultural e turístico capaz de atraer visitantes.
- Proxectar Galiza como destino musical.
- Promover os festivais galegos dentro e fóra da Comunidade.
- Poñer en valor a industria musical.
- Promover bandas e artistas de Galiza.
- Vertebrar o territorio desde a sustentabilidade social e medioambiental.
- Favorecer boas prácticas que sirvan como referencia para o sector.

Asinado o día 25/06/2025 ás
09:42
Por Daniel Castro García

Asinado o día 25/06/2025 ás
09:41
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Manter un diálogo permanente co sector.
- Coordinar todos os departamentos da Administración galega relacionados con calquera dos ámbitos que abarca cada festival: turismo, xuventude, igualdade, medioambiente, calidade...

A marca FEST Galicia destacou desde os comezos polo seu elevado impacto social e económico, analizado en 2018 e 2019 por un equipo da USC.

É por iso que é inexplicábel que non se teñan elaborado posteriormente sucesivos informes de avaliación de impacto da marca FEST Galicia no país e sobre o propio tecido musical galego.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como avalía a Xunta a evolución da marca Fest Galicia e conforme que criterios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/06/2025 9:41:46

Daniel Castro García na data 25/06/2025 9:42:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 09:43:55
Nº Rexistro: 27866
Data envío: 25/06/2025 09:43:55.903

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 9:43:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 09:43:55
Nº Rexistro: 27866
Data envío: 25/06/2025 09:43:55.903

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a posición da Xunta de Galiza respecto do vindeiro Plan Estatal de Vivenda 2026-2030.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres de 6 xuño celebrouse en Barcelona a XXVIII Conferencia de Presidentes en que se abordou como tema principal as políticas públicas en vivenda. O Goberno do estado trasladou como proposta aos distintos presidentes autonómicos que de cara ao vindeiro Plan Estatal 2026- 2030 se producise un aumento do investimento en materia de vivenda conxunto por parte das CCAA e do propio Goberno estatal

Segundo a información que transcendeu isto suporía que para Galiza o investimento pasaría dos 106.926.300€ que se investiron nas 4 anualidades do Plan 2022-2025, é dicir 26,7 M€ por ano, a un investimento de 379.962.000€ para as 5 anualidades do período 2026-2030, o que supón un investimento de 75.992.400€ anuais.

A proposta do goberno central para o aumento do orzamento en vivenda vén condicionado a que as CCAA aumenten a súa porcentaxe de participación do 23% do plan anterior até o 40% para o vindeiro.

É dicir que dos 26,7M€ anuais do plan anterior, a Xunta financiaba 6,15M€ e o Estado 20,58M€. Para o seguinte plan a Xunta deberá aportar 30,4M€ e o Estado 45M€.

Asinado o día 25/06/2025 ás
09:50
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 25/06/2025 ás
09:49
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A postura que trasladou o Presidente da Xunta de Galiza logo da reunión é o seu rexeitamento a este acordo, aliñado coas posicións dos demais presidentes autonómicos do PP. Porén en días posteriores esa negativa foi matizándose, de forma que neste momento os galegos e galegas descoñecen cal é a posición do presidente da Xunta a respecto deste acordo.

Dende o BNG consideramos que ante a actual situación de emerxencia habitacional é urxente incrementar de forma significativa o investimento público en materia de vivenda de forma que permita ampliar a oferta de vivenda pública e de vivenda a prezos accesibles. Sería unha auténtica irresponsabilidade por parte da Xunta traballar en contra do aumento do orzamento en vivenda. Rexeitar o acordo e a transferencia de fondos en vivenda vai en contra das persoas e só en favor da estratexia de oposición furibunda do PP en Madrid. É necesario que esta cámara clarifique se o sr. Rueda e o grupo popular que o sostén traballa para a campaña de desgaste en favor de Feijóo ou para os galegos e galegas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza alcanzar un acordo co goberno do Estado que permita aumentar o orzamento do vindeiro Plan Estatal de Vivenda en Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatrua electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/06/2025 9:49:58

Luis Bará Torres na data 25/06/2025 9:50:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 09:51:58
Nº Rexistro: 27872
Data envío: 25/06/2025 09:51:58,314

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 9:51:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 09:51:58
Nº Rexistro: 27872
Data envío: 25/06/2025 09:51:58,314

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:18:08
Nº Rexistro: 27884
Data envío: 25/06/2025 13:18:08,296

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:16
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir o convenio e resolver a débeda pendente co Consorcio para a Promoción da Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza.

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:16
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fontes de financiamento público achegadas ao Consorcio para a Promoción da Música para o proxecto didáctico e artístico da Orquestra Sinfónica de Galiza proceden do Concello da Coruña, da Deputación da Coruña e da Xunta de Galiza.

Os compromisos económicos asumidos polo Concello da Coruña e mais pola Deputación da Coruña mantivéronse no tempo, contribuíndo a garantir a excelencia dun proxecto musical artístico e formativo de referencia a nivel nacional e internacional.

No entanto, a Xunta de Galiza leva varios anos incumprindo o compromiso asinado no convenio de 2004 polo que se comprometía a financiar a Orquestra Sinfónica de Galiza anualmente con 3 millóns de euros.

Desde hai máis dunha década a Xunta de Galiza achega ao Consorcio para a Promoción da Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza unha cantidade inferior á asinada no convenio, acumulando unha débeda de máis de 5 millóns de euros que está a comprometer a viabilidade da Orquestra Sinfónica, do Coro, da Orquestra Xove e das agrupacións infantís.

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:15
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Grupo Parlamentar do BNG defendemos na Comisión 4ª celebrada o 21 de novembro de 2024 a necesidade de a Xunta sentarse a falar coa xerencia do Consorcio para acordar un plan económico extraordinario co obxectivo de resolver a débeda contraída co financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza.

Unha demanda xusta á que o PP respondeu co seu voto en contra.

Na actualidade, esta demanda volveu facerse pública a través das palabras do novo xerente do Consorcio para a Promoción da Música, nomeado recentemente.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai reverter a Xunta a débeda millonaria contraída coa Orquestra Sinfónica de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/06/2025 13:15:48

Iria Taibo Corsanego na data 25/06/2025 13:16:00

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/06/2025 13:16:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:18:08
Nº Rexistro: 27884
Data envío: 25/06/2025 13:18:08,296

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 13:18:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:18:08
Nº Rexistro: 27884
Data envío: 25/06/2025 13:18:08,296

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o peche da oficina agraria de Forcarei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falla de servizos que sofre o rural e do que o propio Consello de Contas se fai eco, é un dos motivos primordiais para a crise demográfica que sofren as zonas do interior do país, nomeadamente no caso de Lugo e Ourense, máis tamén no interior das outras dúas provincias. Concretamente a comarca do Deza Tabeirós e Terra de Montes, sofre unha sangría poboacional onde Forcarei cobra especial importancia, con mais de medio cento de habitantes menos no pasado 2024, cunha baixada do 1,8% de residentes.

A pesares de que a mingua de veciños e veciñas é clara neste concello deza, dende a Xunta de Galiza, lonxe de aportar solucións e garantir todos os servizos posibles para a poboación rural dos concellos destas características, o pasado martes 17 de xuño, publicábase no DOG a orde do día 5 dese mesmo mes, na que se suprimen as oficinas de rexistro das oficinas agrarias comarcais de Forcarei e Tui. No caso desta localidade de Terra de Montes, con esta supresión que trae a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, deixan á poboación sen dito servizo, obrigándoa a desprazarse á localidade de Silleda, a preto de media hora en coche e máis de 20 quilómetros de distancia.

A través da premisa da optimización de recursos e o principio de eficacia, o 21 de abril deste presente ano, o secretario xeral técnico da Consellería de Medio Rural solicitou a supresión de dita oficina de Forcarei, informada positivamente pola Oficina do Rexistro

Asinado o día 25/06/2025 ás 13:38
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 25/06/2025 ás
13:38
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Xeral, a Xunta de Galiza continúa a desasistir a un rural con graves carencias e ao que non se lle da a oportunidade de gozar de todos os servizos aos que ten dereito.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Prevé a Xunta de Galiza reconsiderar o peche da oficina de rexistro da oficina agraria comarcal de Forcarei para dar cobertura a un concello rural en grave crise demográfica ao que se lle están restando servizos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/06/2025 13:38:05

Secundino Fernández Fernández na data 25/06/2025 13:38:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:39:25
Nº Rexistro: 27888
Data envío: 25/06/2025 13:39:25.588

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 13:39:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:39:25
Nº Rexistro: 27888
Data envío: 25/06/2025 13:39:25.588

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:42:38
Nº Rexistro: 27893
Data envío: 25/06/2025 13:42:38.835

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Distintos medios de comunicación está a facerse eco de artigos publicados nos últimos anos polo que, dende o ano 2023, ocupa a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo. Nestes artigos o Sr. Prado Cuenva defende posicións respecto a estrutura do estado como “las Comunidades Autónomas son entidades administrativas complejas pero no son entidades políticas sensu estricto” ou “la complejidad del estado autonómico viene determinada por su ineficacia” Respecto ao sistema educativo expón opinións como: “a “nova clase ociosa” do profesorado ou a esquerda en xeral” e a todo o que considera como ‘progresismo’ e nacionalismo, tanto no aspecto das ideas políticas como no que el entende como progresismo ‘antipedagógico’. O estudantado tampouco queda fora das súas críticas cando afirma que “non merece ter dereito á folga”. Pero as súas opinións non son so ideolóxicos senón que aporta posicionamentos partidistas cando afirma que partidos deben ser ilegalizados ou que unicamente Vox realiza a defensa da “nación española”.

O pasado 13 de xuño foi publicada a Resolución pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26, asinada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, ocupada polo Sr. Prado Cueva. Nesa resolución inclúese as medidas para garantir a “neutralidade ideolóxica”, que pretende controlar as actividades que se realicen nas aulas. Esta “neutralidade” ten que ser

Asinado o día 25/06/2025 ás
13:38
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/06/2025 ás
13:38
Por Julio Abalde Alonso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

93413

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:42:38
Nº Rexistro: 27893
Data envío: 25/06/2025 13:42:38,835

supervisada pola Inspección Educativa que depende en último caso da Subdirección que ocupa o Sr. Prado Cueva como responsable da coordinación das inspeccións provinciais, e inadmisíbel que o responsable de velar pola neutralidade Ideolóxica” mostre publicamente a súas posicións ideolóxicas para nada neutrais.

Nas declaracións públicas, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, xustifica este posicionamento e a súa inacción no “dereito ten un a ser nacionalista como a non selo, e non podemos formular represalias porque un funcionario público non comulgue cos meus pensamentos». Trata o conselleiro de cingir estas opinións a consideración de nacionalismo ou non, pero non é solo iso, se cuestiona o pluralismo político, a defensa da base do ensino público, dos dereitos do profesorado ou do estudantado ou cargar contra eles, o que inhabilita para desempeñar as funcións da Subdirección que ocupa.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego que as opinións publicadas polo director xeral de Inspección e Avaliación Educativa son compatibles co desempeños das súas funcións?

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

93414

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 25/06/2025 13:38:32

Silvia Longueira Castro na data 25/06/2025 13:38:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:42:38
Nº Rexistro: 27893
Data envío: 25/06/2025 13:42:38,835

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 13:42:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:42:38
Nº Rexistro: 27893
Data envío: 25/06/2025 13:42:38,835

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:42:58
Nº Rexistro: 27894
Data envío: 25/06/2025 13:42:58,044

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Distintos medios de comunicación está a facerse eco de artigos publicados nos últimos anos polo que, dende o ano 2023, ocupa a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo. Nestes artigos o Sr. Prado Cuenca defende posicións respecto a estrutura do estado como “las Comunidades Autónomas son entidades administrativas complejas pero no son entidades políticas sensu estricto” ou “la complejidad del estado autonómico viene determinada por su ineficacia” Respecto ao sistema educativo expón opinións como: “a “nova clase ociosa” do profesorado ou a esquerda en xeral” e a todo o que considera como ‘progresismo’ e nacionalismo, tanto no aspecto das ideas políticas como no que el entende como progresismo ‘antipedagógico’. O estudantado tampouco queda fora das súas críticas cando afirma que “non merece ter dereito á folga”. Pero as súas opinións non son so ideolóxicos senón que aporta posicionamentos partidistas cando afirma que partidos deben ser ilegalizados ou que unicamente Vox realiza a defensa da “nación española”.

O pasado 13 de xuño foi publicada a Resolución pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26, asinada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, ocupada polo Sr. Prado Cueva. Nesa resolución inclúese as medidas para garantir a “neutralidade ideolóxica”, que pretende controlar as actividades que se realicen nas aulas. Esta “neutralidade” ten que ser

Asinado o día 25/06/2025 ás
13:38
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/06/2025 ás
13:38
Por Julio Abalde Alonso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

93417

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:42:58
Nº Rexistro: 27894
Data envío: 25/06/2025 13:42:58,044

supervisada pola Inspección Educativa que depende en último caso da Subdirección que ocupa o Sr. Prado Cueva como responsable da coordinación das inspeccións provinciais, e inadmisíbel que o responsable de velar pola neutralidade Ideolóxica” mostre publicamente a súas posicións ideolóxicas para nada neutrais.

Nas declaracións públicas, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, xustifica este posicionamento e a súa inacción no “dereito ten un a ser nacionalista como a non selo, e non podemos formular represalias porque un funcionario público non comulgue cos meus pensamentos». Trata o conselleiro de cingir estas opinións a consideración de nacionalismo ou non, pero non é solo iso, se cuestiona o pluralismo político, a defensa da base do ensino público, dos dereitos do profesorado ou do estudantado ou cargar contra eles, o que inhabilita para desempeñar as funcións da Subdirección que ocupa.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera necesario a Xunta de Galicia que as instrucións da Consellería de Educación para o vindeiro curso escolar 2025/2026 inclúan as normas de neutralidade ideolóxica?

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

93418

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 25/06/2025 13:38:48

Silvia Longueira Castro na data 25/06/2025 13:38:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:42:58
Nº Rexistro: 27894
Data envío: 25/06/2025 13:42:58,044

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 13:42:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 13:42:58
Nº Rexistro: 27894
Data envío: 25/06/2025 13:42:58,044

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Magdalena Pérez Millares, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A frota pesqueira galega representa un dos piares económicos, sociais e culturais máis relevantes do noso país. Especialmente no caso da frota artesanal, composta por embarcacións de pequenas dimensións e con base nas confrarías locais, esta actividade mantén vivo un tecido produtivo sostible, profundamente enraizado no territorio e xerador de emprego e riqueza nas zonas costeiras.

No marco da normativa europea vixente —especificamente do Regulamento (UE) 2019/1239 relativo ao control da pesca— estase a implantar a obrigatoriedade de instalar dispositivos de seguimento dixital (*caixas azuis*) nas embarcacións pesqueiras, co obxectivo de mellorar o control da actividade extractiva, garantir unha maior transparencia e asegurar o cumprimento das normativas en materia de sustentabilidade e protección do medio mariño.

Se ben esta obrigatoriedade xa se aplica ás embarcacións de máis de 15 metros, actualmente esténdese tamén ás de entre 12 e 15 metros de eslora, afectando así a unha parte significativa da frota artesanal galega. Estas esixencias técnicas supoñen un reto engadido para armadores e tripulacións, tanto polo investimento inicial necesario como polo esforzo de adaptación organizativa e formativa que implica.

Neste contexto, a Consellería do Mar anunciou unha liña de investimento para facilitar a instalación das caixas azuis, de forma que se alivie a carga económica directa sobre a frota e se poida garantir unha adaptación progresiva, eficiente e equitativa. Non obstante, resulta necesario avaliar o impacto real desta medida nas condicións de traballo, no cumprimento da normativa, e na viabilidade operativa das embarcacións máis pequenas, moitas delas con recursos técnicos e humanos limitados.





Así mesmo, esta actuación inscríbese nun proceso máis amplo de modernización e dixitalización do sector, impulsado polos fondos europeos FEMPA, que inclúe desde a implementación de tecnoloxías embarcadas ata sistemas de comercialización dixital, trazabilidade, comunicación coas confrarías e adaptación aos novos requisitos normativos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que impacto espera acadar a Consellería do Mar coa inversión prevista para facilitar a instalación das caixas azuis nas embarcacións de entre 12 e 15 metros de eslora á frota artesanal galega?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Maria Magdalena Perez Millares na data 25/06/2025 16:20:24
María Deza Martínez na data 25/06/2025 16:20:40
Jesús María Fernández Rosende na data 25/06/2025 16:21:01
Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/06/2025 16:21:17
Patricia García González na data 25/06/2025 16:21:39
Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/06/2025 16:21:51
Paula Mouzo Mas na data 25/06/2025 16:22:10
Raúl Santamaría González na data 25/06/2025 16:22:27
Manuel Santos Costa na data 25/06/2025 16:23:27



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 16:24:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27908
Data envío: 25/06/2025 16:24:08,180

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao funcionamento do centro de crise 24 horas para atención a vítimas de violencia sexual de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia a oposición de dunha trintena de colectivos feministas do noso país e a falta de consenso político, o goberno galego impulsou a finais de 2024 os denominados centros de crise 24 horas para a atención ás vítimas de violencia sexual aos que obriga a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como lei do si é si, de forma privatizada.

Un dos cinco centros postos en marcha é o de Ourense, para o que a Xunta de Galiza escolleu localizar o emprazamento no edificio do PAC na rúa Concello. Sorprende que cinco meses despois da súa posta en marcha, que en teoría se fixo segundo a propia Xunta de Galiza cumprindo “os requisitos da súa capacitación técnica, son exixidos e validados pola Goberno Autonómico ” se constante nas Modificacións orzamentarias do mes de maio que o goberno galego remite ao Parlamento Galego en cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, unha modificación de crédito conducente a facer obras nesta instalación.

Asinado o día 25/06/2025 ás
16:28
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 25/06/2025 ás
16:28
Por Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, consta información verbo do Expediente TR-08-013-25 que consiste nunha modificación de crédito por valor de 50.000 euros da aplicación 2025.08.06.313D.760.0, código de proxecto 2022 00094 para a aplicación 2025.08.06.313D.632.0 (NOVO) do mesmo código de proxecto 2022 00094, coa finalidade de realizar obras de reforma no Centro de Crise 24 horas de Ourense con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resilencia MRR en 2025. Cabe preguntarse, xa que logo, cales son as razóns concretas para este investimento e se o centro non contaba coas adecuadas condicións para a súa posta en marcha en condicións de calidade e privacidade.

Por outra banda, ante o inminente anuncio da Xunta de Galiza da reorganización de traslados con motivo da imposición do traslado de servizos desde o Centro de Saúde Nóvoa Santos, que tamén conta coa oposición das e dos traballadores e usuarios, é preciso que a Xunta aclare a súa posible afectación.

Así mesmo, seis meses despois da posta en funcionamento do Centro a Xunta segue ocultando información específica respecto do mesmo, sen remitir información sobre o número de persoas que o usaron, os servizos que se prestaron, as derivacións que se remitiron desde outros servizos, o protocolo de funcionamento concreto na área ou as actividades de sensibilización das que presuntamente debe participar este servizo..

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pode asegurar a Xunta de Galiza que o centro de crise 24 horas de Ourense foi aberto en condicións adecuadas de funcionamento?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2025 16:28:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/06/2025 16:28:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27911
Data envío: 25/06/2025 16:29:20.728

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 16:29:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27911
Data envío: 25/06/2025 16:29:20.728

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o incumprimento da Xunta a respecto da creación da Rede Adival de dinamización cultural no rural de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En agosto do 2024 o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude anunciou nun acto público no Grove que “a Xunta terá lista despois do verán a orde de creación da Rede Adival de dinamización cultural no rural de Galicia, un proxecto que chegará a todo o territorio e no que ninguén quedará fóra deste circuíto, independentemente do seu lugar de residencia ou idade”.

Esta Rede Adival anunciábase como un “importante impacto cultural” para os habitantes do rural acceso teren acceso a este tipo de programacións co compromiso de garantir o acceso universal á cultura.

Segundo recolle a propia páxina da Consellería, para alén do achegamento dunha oferta diversificada de propostas culturais a todo o territorio, a creación da Rede Adival tamén recollería “as subvencións ás que terán acceso os integrantes, así como un servizo de asesoramento e un plan de formación”, así como “a elaboración dun programa de mediación que axude aos participantes na Rede na composición das súas actividades, tendo en conta os seus recursos e públicos”.

Case un ano despois nada se soubo deste reiterado anuncio publicitario do Conselleiro, cando era presentado precisamente como unha concreción da Lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza, aprobada en decembro de 2024 cos votos do PP.

Asinado o día 25/06/2025 ás
16:38
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 25/06/2025 ás
16:37
Por Daniel Castro García





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que está incumprindo a Xunta, desde hai case un ano, o seu anuncio de creación da Rede Adival de dinamización cultural no rural de Galiza?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 25/06/2025 16:37:50

Mercedes Queixas Zas na data 25/06/2025 16:38:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:39:39
Nº Rexistro: 27914
Data envío: 25/06/2025 16:39:39.659

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 16:39:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:39:39
Nº Rexistro: 27914
Data envío: 25/06/2025 16:39:39.659

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as novas verteduras na praia de Santa Cruz (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A praia do Porto de Santa Cruz está incluída na listaxe de lugares nos que está prohibido o baño do Rexistro de Augas de Baño de Galiza, xa que a auga non supera o limiar de calidade. Alén disto, nos últimos días é posíbel observar unha mancha cando a marea está alta, ademais dun cheiro moi forte a augas fecais, tal e como pode relatar calquera persoa que transite a zona de xeito habitual (trátase dunha zona moi frecuentada nesta época do ano), en concreto nos arredores da pasarela que comunica a illa do castelo co paseo.

Augas de Galiza é o organismo responsábel do control de verteduras, polo que demandamos a inspección e corrección urxente desta situación.

Por todo o exposto anteriormente fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:01
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:00
Por Iria Taibo Corsanego





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto o goberno galego corrixir as verteduras que se están a producir na praia do Porto de Santa Cruz?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/06/2025 17:00:58

Luis Bará Torres na data 25/06/2025 17:01:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:04:09
Nº Rexistro: 27919
Data envío: 25/06/2025 17:04:09.014

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:04:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:04:09
Nº Rexistro: 27919
Data envío: 25/06/2025 17:04:09.014

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:12:21
Nº Rexistro: 27924
Data envío: 25/06/2025 17:12:21.038

Asinado o día 25/06/2025 ás 17:11
Por Carmela González

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Prado Cores, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o posible peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.

Asinado o día 25/06/2025 ás 17:11
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza trata de facer crer que a apertura do novo Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia supón ampliar a infraestrutura sanitaria da cidade. Porén a apertura do novo centro implicaba a substitución do centro López Mora, e agora, ademais segundo informacións publicadas, podería agochar tamén o peche do centro Nicolás Peña xa que a Consellería vén de trasladar unha proposta para o traslado de todo o seu persoal ao novo CIS.

A pesar de que se reconece que a Área Sanitaria carece de espazos sanitarios semella que a Xunta de Galiza segue parcheando e degradando a situación da sanidade viguesas a base de desprazar sanitarios e pechar centros en lugar de facer unha forte aposta por incrementar a rede asistencial.

Ademais o novo centro de saúde podería tamén supor o peche de servizos de pediatría, saúde bucodental, fisioterapia ou matrona doutros centros de saúde que se concentraría no novo CIS Olimpia Valencia.

A Xunta de Galiza sostiña até o de agora que o Nicolás Peña non se pecharía mais agora o goberno cuestiona os seus compromisos coa posición contraria por parte do persoal.

Asinado o día 25/06/2025 ás 17:10
Por Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Ten intención a Xunta de Galiza de pechar o Centro de Saúde Nicolás Peña en
Vigo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/06/2025 17:10:57

María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2025 17:11:05

Carmela González Iglesias na data 25/06/2025 17:11:14

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/06/2025 17:11:22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:12:21
Nº Rexistro: 27924
Data envío: 25/06/2025 17:12:21.038

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:12:21

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:52:45
Nº Rexistro: 27935
Data envío: 25/06/2025 17:52:45,654

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Plan Camiña Rural impulsado pola Xunta de Galicia é unha iniciativa que busca mellorar a rede de camiños de titularidade municipal no rural galego. Contribúe a mellorar a calidade de vida da veciñanza, facilitar o acceso aos servizos básicos, apoiar a actividade agraria e favorecer o asentamento poboacional.

Porén, desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que os recursos destinados a este plan resultan claramente insuficientes para dar resposta ás necesidades reais dos concellos. A elevada demanda de actuacións e o contexto actual de incremento dos custos de materiais e execución de obras fan necesario reforzar o orzamento asignado ao programa.

Ademais, é imprescindible avanzar cara unha distribución máis equilibrada e transparente dos fondos, que teña en conta criterios obxectivos como a dispersión poboacional, o envellecemento demográfico ou a superficie rural dos municipios.

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:45
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 25/06/2025 ás
17:45
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93441

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:52:45
Nº Rexistro: 27935
Data envío: 25/06/2025 17:52:45,654

Por todo isto, e co obxectivo de reforzar o compromiso coa cohesión territorial e o desenvolvemento rural, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o orzamento destinado ao Plan Camiña Rural nas convocatorias correspondentes aos anos 2025 e 2026?

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93442

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/06/2025 17:45:26

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/06/2025 17:45:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:52:45
Nº Rexistro: 27935
Data envío: 25/06/2025 17:52:45,654

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 17:52:45
Nº Rexistro: 27935
Data envío: 25/06/2025 17:52:45,654

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:52:46

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:01:24
Nº Rexistro: 27942
Data envío: 25/06/2025 18:01:24.070

Asinado o día 25/06/2025 ás 18:00
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a intervención do presidente Rueda en castelán na XXVIII Conferencia de Presidentes de Barcelona.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de xuño, tivo lugar no Palau de Pedralbes de Barcelona a XXVIII Conferencia de Presidentes, na que, por primeira vez, era posíbel usar todas as linguas oficiais do Estado, xa que a reunión contaba con servizo de interpretación.

Tanto o lehendakari vasco como o president catalán fixeron uso das súas linguas oficiais, mais o presidente Rueda só usou a lingua galega para saudar, a pesar de que o Artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza indica “Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

O goberno galego iniciou un proceso polo cal afirma ter a vontade de chegar a un pacto con todos os grupos políticos para acordar un novo marco para a promoción da lingua galega. Este tipo de actuacións simbolizan o escaso aprecio que ten o presidente Rueda polo noso idioma, ademais do seu nulo interese por defender a lingua galega, mesmo esquecendo as súas obrigas estatutarias.

No Parlamento Galego, en diversos debates nos que se fixo referencia a esta cuestión, o presidente Rueda mesmo chegou a afirmar que sería de mala educación

Asinado o día 25/06/2025 ás 17:59
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 25/06/2025 ás 17:59
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intervir en galego nesta conferencia, a pesar de contar cos medios técnicos para poder facelo, e de que o seu deber como presidente é potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

A que se debe que o presidente da Xunta de Galiza se negara a usar a lingua galega na XXVIII Conferencia de Presidentes, a pesar de dispor de interpretación simultánea para que o puidese comprender calquera dos asistentes e da súa obriga de potenciar o uso da lingua galega en todos os planos da vida pública?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/06/2025 17:59:52

Mercedes Queixas Zas na data 25/06/2025 17:59:59

Daniel Castro García na data 25/06/2025 18:00:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:01:24
Nº Rexistro: 27942
Data envío: 25/06/2025 18:01:24.070

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 18:01:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:01:24
Nº Rexistro: 27942
Data envío: 25/06/2025 18:01:24.070

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:07:14
Nº Rexistro: 27949
Data envío: 25/06/2025 18:07:14.358

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En Galicia, o sector gandeiro de vacún de carne está fortemente vinculado ao noso territorio e xoga un papel clave para a poboación do medio rural. Conta cun importante potencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental, e é esencial para o aproveitamento sostible dos recursos naturais e a conservación da paisaxe e da biodiversidade.

As Indicacións Xeográficas Protexidas de vacún de carne en Galicia son instrumentos fundamentais para garantir a calidade e trazabilidade dos produtos cárnicos galegos, así como asegurar un valor engadido para os produtores e contribuír ao desenvolvemento do medio rural.

A pesar destes instrumentos, o sector continúa a enfrontar desafíos que limitan o seu pleno desenvolvemento, tales como poden ser a falta de homoxeneidade do produto, que dificulta a súa trazabilidade ou o desequilibrio estacional, que está a repercutir negativamente nos prezos percibidos polos produtores en determinados períodos do ano.

A comercialización e promoción destas carnes continúa a ser insuficiente para alcanzar o máximo potencial, sendo necesarias unha serie de medidas por parte da Xunta de Galicia en apoio ao sector para impulsar a súa promoción nos mercados.

Asinado o día 25/06/2025 ás
18:05
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 25/06/2025 ás
18:05
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93449

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:07:14
Nº Rexistro: 27949
Data envío: 25/06/2025 18:07:14.358

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia fomentar medidas que consigan mellorar a homoxeneidade do produto?

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93450

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/06/2025 18:05:31

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/06/2025 18:05:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:07:14
Nº Rexistro: 27949
Data envío: 25/06/2025 18:07:14.358

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 18:07:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 18:07:14
Nº Rexistro: 27949
Data envío: 25/06/2025 18:07:14.358

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:12
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer co avance do uso do galego no tecido socioeconómico.

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:12
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lingua galega é motor de emprego e de desenvolvemento económico, tamén desde o seu valor como marca identitaria; é por iso que, desde o BNG, entendemos que estes criterios necesariamente deben estar acompañados dunha política lingüística centrada na restitución da igualdade para o galego nun espazo comunicativo de alto valor socializador e de prestixio como é o económico.

De feito, acaba de lle poñer cifras ao valor económico do galego un novo informe do Consello da Cultura Galega: o impacto da lingua galega na economía supón como mínimo 1.440 millóns de euros.

Con todo, esta visión non semella ser partillada polo goberno do PP. En resposta ás preguntas do BNG, en setembro de 2021 o actual Secretario xeral de lingua anunciaba en sede parlamentaria a elaboración do segundo plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico, ao tempo que confirmaría que presentaría “moi pronto” a avaliación do primeiro plan que abrangueu o período 2016-2020.

Transcorridos case catro anos destes anuncios do Secretario xeral de lingua, o Sr. Valentín García, ningún dos dous anuncios se concretaron en realidades beneficiosas para a lingua galega.

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:12
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No pasado pleno do 6 de maio, o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude anunciou que a Xunta crearía un selo para impulsar o uso da lingua no ámbito socioeconómico. Asemade, o Conselleiro avanzou na súa comparecencia no pleno que as empresas comprometidas co galego terán vantaxe na concesión de axudas e nos procedementos do Executivo autonómico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións está a impulsar a Xunta para acrecentar o uso da lingua galega no ámbito socioeconómico?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/06/2025 12:12:18

Iria Taibo Corsanego na data 26/06/2025 12:12:25

Daniel Castro García na data 26/06/2025 12:12:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:14:17
Nº Rexistro: 27973
Data envío: 26/06/2025 12:14:17.880

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 12:14:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:14:17
Nº Rexistro: 27973
Data envío: 26/06/2025 12:14:17.880

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:16:30
Nº Rexistro: 27978
Data envío: 26/06/2025 12:16:30,600

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:14
Por Alexandra Fernáñez

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os centros de coidados intermedios anunciados pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Partido Popular leva anunciando catro anos a creación de dous centros de coidados intermedios en Galiza.

Facendo un breve repaso cronolóxico:

O presidente da Xunta de Galiza, daquela Alberto Núñez Feijoo, anunciaba en 2021 no marco do debate de política xeral que ían abrir dous centros de coidados intermedios no ano 2022. Algo que non aconteceu.

De novo durante o debate do estado da nación mais de 2023, o presidente da Xunta de Galiza volvía repetir o mesmo anuncio.

“O 2024 será o ano no que se inaugure en Santiago o primeiro centro de coidados intermedios público de España para atender a xente maior que, despois de recibir unha alta hospitalaria, non poida aínda ir ao seu domicilio, á súa residencia e necesite unha atención intermedia, que é ao que se vai dedicar este centro. En paralelo, avanzaremos no acondicionamento dun espazo igual no antigo hospital Rebullón, no concello de Mos. É dicir, Galicia terá, sucesivamente —xa o primeiro no ano 2024— dous centros pioneiros en España de coidados intermedios para as persoas maiores”.

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:14
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 26/06/2025 ás 12:14
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

De feito, sobre o centro que se ubica no CEGADI, cuxa infraestrutura está feita, non está operativo malia que anunciaron a súa posta en funcionamento en sucesivas ocasións. Primeiro ía ser “a comezos de 2024” e máis tarde “a finais” dese mesmo ano.

Porén, a única realidade é que ningún dos dous centros de coidados intermedios anunciados e prometidos están operativos a mediados de 2025.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando van estar en funcionamento os centros de coidados intermedios que a Xunta de Galiza leva anunciando catro anos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/06/2025 12:14:06

Iria Carreira Pazos na data 26/06/2025 12:14:17

Alexandra Fernández Gómez na data 26/06/2025 12:14:28



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 12:16:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 12:16:30
Nº Rexistro: 27978
Data envío: 26/06/2025 12:16:30.600

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza asuma a competencia de todos os Comedores Escolares xestionados polos Concellos e ANPAs na actualidade, así como de universalizar o servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comedor escolar nos centros educativos é un servizo de apoio ás familias consistente en ofrecer o xantar ao remate da xornada lectiva matinal. O obxectivo principal deste servizo é a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais do alumnado, así como garantir un menú equilibrado a aquel alumnado de familias en risco de exclusión.

Trátase dun servizo que forma parte daqueles que a Consellería de Educación denomina “Servizos Educativos Complementarios”, xunto co transporte escolar ou as aulas matinais ou tardías (malia que as aulas pertencen á Consellería de Política Social), estando regulado no Decreto 132/2013, do 1 de agosto. Estes servizos básicos para a cidadanía na actualidade, deberan ser considerados como tal e non “complementarios”

O decreto cumpre en xeral o mandato da Constitución española que consagra o dereito á educación e corresponde aos poderes públicos garantir o seu exercicio en condicións de igualdade, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e promovendo as condicións para que esta igualdade sexa real e efectiva.

Asinado o día 26/06/2025 ás
13:23
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 26/06/2025 ás
13:22
Por Cristina Fernández Davila



En particular, o decreto baséase nos principios e habilitacións legais xerais para a actuación das administracións educativas que se atopan en distintos artigos da Lei orgánica de educación (LOE).

Así, pódese citar o seu artigo 80, que sinala de xeito textual:

«1. Co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as administracións públicas desenvolverán **accións de carácter compensatorio** en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso.

2. As políticas de educación compensatoria reforzarán a acción do sistema educativo de forma que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos u doutra índole.

3. Correspóndelles ao Estado e ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia fixar os seus obxectivos prioritarios de educación compensatoria».

En calquera caso, estamos perante dun servizo altamente demandado na actualidade, por parte da sociedade galega e que cando a Consellería de Educación non asume a súa competencia, é prestado polas asociacións de nais e pais do alumnado (ANPAS) ou polos concellos que voluntariamente acorden dar cobertura a esta actividade escolar complementaria.

Estas decisións tómanse para garantir o dereito de acceso ao ámbito laboral das mulleres maiormente. É evidente que na sociedade actual os servizos de conciliación, téñense tornado básicos á hora de poder acceder a un emprego e/ou desenvolver unha carreira profesional en condicións minimamente factíbeis. De aí, que ao longo do tempo e, na medida en que as necesidades sociais así o demandan, o sistema educativo público





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debe estender os seus servizos, de xeito flexible e atenta á propia evolución da sociedade.

Por outro lado, conforme o apartado 2, letra n) do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este tipo de prestacións non entran dentro da esfera das competencias propias dos concellos, pero teñen accedido a convenios coa Consellería de Educación para poder implantar e viabilizar este servizo nos centros escolares, malia que esta modalidade de actuación tórnase claramente insuficiente e discriminatoria.

Non parece de recibo que estes servizos educativos complementarios recaían indefinidamente nuns concellos actualmente sobrecargados no exercicio de competencias impropias e cun financiamento claramente deficitario. Asemade, tampouco resulta axeitado, facer depender da vontade política de cada concello a implantación deste tipo de servizos, en contra do principio de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia das persoas, eventuais beneficiarias do referido servizo (máxime nunha Comunidade Autónoma como a galega, caracterizada pola dispersión poboacional e as consecuencias de todo tipo que isto supón).

As familias con xestión dos concellos ou ANPAS deben abonar importes moito máis elevados por cada menú en comparación cos aplicados pola Consellería segundo a renda, onde a meirande parte das familias están exentas de pago ou tan só abonan un euro, sendo imposible para eles poder asumir esas diferenzas no custo ou poder asumilo na súa totalidade por parte da administración local.

A alternativa actual da Xunta de Galiza é errada, porque xera desigualdade para as familias integradas en concellos ou ANPAS que non optaron por implementar este servizo educativo esencial. Neste sentido cómpre sinalar a función que debe exercer a Xunta de Galiza –a través da Consellería de Educación- como garante da igualdade entre todas as galegas e galegos, tanto desde un punto de vista territorial, como desde a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

igualdade social. E así mesmo, os requisitos e condicións de desenvolvemento do servizo de comedor escolar, debe artellarse en condicións de igualdade para todos os centros docentes públicos e concertados do país nos que haxa demanda das familias.

Cómpre avanzar nunha educación pública de calidade para todas as persoas e, asemade, dar cumprimento á tarefa fundamental de facer efectiva a igualdade real entre homes e mulleres a través da implementación de programas reais de conciliación da vida laboral e familiar e, moi concretamente, a través da universalización destes servizos educativos, tendo en conta a equidade e compensación das desigualdades en educación, ao respecto da igualdade de oportunidades no ámbito rural.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pasos vai dar a Consellaría de Educación para asumir os comedores escolares como un servizo propio sumando aqueles que están a xestionar as ANPAS e os concellos e que están a sufrir unha discriminación por razón de orixe con respecto a outros centros educativos xestionados pola Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/06/2025 13:22:52

Ariadna Fernández González na data 26/06/2025 13:23:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 13:27:24
Nº Rexistro: 27987
Data envío: 26/06/2025 13:27:24.307

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 13:27:24
Nº Rexistro: 27987
Data envío: 26/06/2025 13:27:24.307

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 13:27:24

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 17:23:36
Nº Rexistro: 27995
Data envío: 26/06/2025 17:23:36.628

Asinado o día 26/06/2025 ás 17:20
Por Paloma Castro R.

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é fundamental especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A estrada AC-161, que conecta As Angustias con Bergondo, constitúe unha vía de comunicación de grande relevancia para o tránsito local e comarcal. No seu paso polo tramo Castro-Pontellas, no concello de Betanzos, existe unha preocupación crecente pola seguridade viaria, especialmente pola ausencia de beirarrúas axeitadas nunha zona con vivendas e tráfico peonil frecuente.

A actual configuración da estrada, cunha visibilidade reducida e escasa marxe para peóns ou ciclistas, incrementa o risco de accidentes e dificulta a mobilidade segura da veciñanza. A falta de beirarrúas ou espazos habilitados para o tránsito peonil obriga ás persoas a circular pola calzada en determinados tramos, o que resulta especialmente perigoso en horas de baixa visibilidade ou en días de choiva.

As veciñas e veciños da zona levan esperando en reiteradas ocasións a mellora deste tramo, tanto coa adecuación e mantemento das beiravías xa

Asinado o día 26/06/2025 ás 17:20
Por Carlos López Font

Asinado o día 26/06/2025 ás 17:20
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

93467

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 17:23:36
Nº Rexistro: 27995
Data envío: 26/06/2025 17:23:36.628

existentes como coa construción dun novo treito que complete o percorrido peonil e garanta a conexión segura coas parroquias próximas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria no tramo da estrada AC-161 ao seu paso polo lugar de Castro-Pontellas?

Santiago de Compostela, a 26 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93468

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 26/06/2025 17:20:39

Carlos López Font na data 26/06/2025 17:20:46

Paloma Castro Rey na data 26/06/2025 17:20:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 17:23:36
Nº Rexistro: 27995
Data envío: 26/06/2025 17:23:36.628

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 17:23:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 17:23:36
Nº Rexistro: 27995
Data envío: 26/06/2025 17:23:36.628

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 11:29:08
Nº Rexistro: 27970
Data envío: 26/06/2025 11:29:08.500

Asinado o día 26/06/2025 ás 11:23
Por Raúl Santamaría

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **pleno** para a súa tramitación **con carácter urxente**.

Motivación da urxencia

A urxencia ven motivada coincidencia no ano 2025 coa celebración do 150 aniversario do lanzamento do Globo de San Roque de Betanzos o próximo 16 de agosto e a tramitación do expediente da declaración como BIC.

O Globo de San Roque foi lanzado, por vez primeira, o 16 de agosto de 1875 polo xenial artesán, proxectista, construtor e inventor Claudino Pita, desde o seu Betanzos natal, na provincia da Coruña. Este evento destacou como un dos primeiros intentos de voo na rexión, representando un avance técnico que posteriormente se consolidaría no ámbito mundial cos grandes logros da aviación, a motor, que se fixo realidade a finais de 1903 en Estados Unidos.

O globo non só foi un fito en termos de enxeñería e ciencia, senón que tamén tivo un impacto social, cultural e turístico en Galicia, xa que atraeu a atención de miles de persoas e posicionou a Betanzos como un referente na historia da aviación. Trátase do globo de papel, non tripulado, máis grande do mundo que se confecciona e eleva cada ano de igual xeito que en 1875, tradicional e artesanalmente. A través desta proposta, subliñase a importancia do globo como un símbolo da capacidade de innovación dos galegos e como unha manifestación da creatividade popular, que na súa época foi interpretada como un acto valente, cargado de simbolismo e audacia.

A figura de Claudino Pita eríxese como un referente do enxeño e a valentía na historia de Galicia. O globo constitúe un patrimonio cultural significativo da cidade de Betanzos e de Galicia. Neste ano 2025, o dezaseis de agosto, celébrase o 150 aniversario do histórico lanzamento do Globo de San Roque en Betanzos, un evento que marcou un

Asinado o día 26/06/2025 ás 11:23
Por Patricia García González

Asinado o día 26/06/2025 ás 11:23
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





fito na historia da aviación e na cultura galega. Foi definido como un espectáculo insólito tanto pola súa antigüidade, polos materiais empregados na súa elaboración, os métodos de traballo, man de obra como a técnica de elevación, e incluso Cunqueiro o comparou coa poesía. É un símbolo, un orgullo, una sinal de identidade e un ben inmaterial emblemático non só para Betanzos senón para Galicia.

Por iso, e en recoñecemento á súa relevancia tanto histórica como cultural, o Padroado do Globo de San Roque como a Corporación municipal acordou por unanimidade a proposta de declaración do Globo de San Roque como Ben de Interese Cultural (BIC), para garantir a súa preservación e promoción como un patrimonio invaluable para as xeracións futuras.

A declaración do Globo de San Roque como Ben de Interese Cultural non só é un recoñecemento merecido a un episodio histórico crucial para Galicia, senón que tamén representa unha oportunidade para reforzar a identidade cultural de Galicia, consolidar o noso legado histórico e fomentar o desenvolvemento do turismo cultural. Con motivo do 150 aniversario do seu lanzamento, esta proposta busca preservar, difundir e dar a coñecer un patrimonio de todos os galegos, converténdoo nun símbolo da tradición innovadora e a audacia de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

- En que situación se atopa o expediente para a declaración do Globo de San Roque de Betanzos como Ben de Interese Cultural?

Santiago de Compostela, 26 de xuño 2025



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 26/06/2025 11:23:17

Patricia García González na data 26/06/2025 11:23:32,26/06/2025 11:27:07

Raúl Santamaría González na data 26/06/2025 11:23:44

Víctor Baladrón Lamas na data 26/06/2025 11:24:03

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/06/2025 11:24:16

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/06/2025 11:24:36

José Luis Ferro Iglesias na data 26/06/2025 11:26:37

Julio García Comesaña na data 26/06/2025 11:26:52

Carmen Pomar Tojo na data 26/06/2025 11:27:26



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 11:29:08
Nº Rexistro: 27970
Data envío: 26/06/2025 11:29:08,500

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 11:29:09

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 13:51:43
Nº Rexistro: 28014
Data envío: 30/06/2025 13:51:43,999

Asinado o día 30/06/2025 ás 13:42
Por Carmen Pomar T

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola falta de información por parte do Goberno central sobre a situación dos bidóns con residuos nucleares depositados na costa Atlántica.

Recentemente coñecíamos que unha expedición oceanográfica francesa, coordinada polo Centre National da Recherche Scientifique (o Centro Superior de Investigacións Científicas galo), tiña por obxecto avaliar o estado da Fosa Atlántica, en particular, áreas nas que foron vertidos miles de bidóns con residuos radioactivos entre os anos 40 e 80, fronte ás costas de Galicia.

Dada a importancia desta cuestión, agardamos que o Goberno central sexa máis transparente e informe á Xunta de Galicia das distintas medidas e accións que se desenvolven, do contido e alcance da expedición francesa que está en marcha, así como dos resultados que se obteñan.

A normativa vixente sitúa ao Consello de Seguridade Nuclear como o organismo competente en seguridade e protección radiolóxica, incluíndo a supervisión e control dos residuos radioactivos. Por iso, desde a Xunta de Galicia requíruselle ao Goberno de España que informe sobre a situación actual e as xestións realizadas en relación con este material.

É por iso que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

- Que información ten recibido o Goberno galego por parte do Goberno de España, como administración competente, sobre a situación actual e as xestións realizadas en relación coa supervisión e control dos residuos radioactivos depositados na Fosa Atlántica?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 30/06/2025 ás 13:41
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 30/06/2025 ás 13:41
Por Gonzalo Trenor López



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 30/06/2025 13:41:29

Roberto Rodríguez Martínez na data 30/06/2025 13:41:59

Carmen Pomar Tojo na data 30/06/2025 13:42:38

José Luis Ferro Iglesias na data 30/06/2025 13:42:55

Cristina Campero Dorado na data 30/06/2025 13:43:46

María Deza Martínez na data 30/06/2025 13:44:14

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/06/2025 13:44:30

Argimiro Marnotes Fernández na data 30/06/2025 13:44:47

Katherinie Varela Fernández na data 30/06/2025 13:45:08



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/06/2025 13:51:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 13:51:43
Nº Rexistro: 28014
Data envío: 30/06/2025 13:51:43,999

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28021
Data envío: 30/06/2025 15:58:49,720

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A xustificación da urxencia vén dada pola entrada en vigor, o vindeiro 7 de xullo, da medida de supresión da atención médica programada nos centros de saúde de Cervo, coincidindo cun período de notable incremento poboacional.

O Concello de Cervo incrementa notablemente a súa poboación durante os meses de verán debido ao turismo, ao retorno estacional de persoas que residen fora, de retornados emigrantes e visitantes ocasionais. Esta situación é coñecida e recorrente ano tras ano, o que xera unha sobrecarga asistencial nos dou centros de saúde.

En datas recentes e segundo comunica a propia dirección da xerencia da area sanitaria a partir do vindeiro 7 de xullo do ano en curso vaise suprimir a atención médica programada en ambos centros de saúde, centralizando a asistencia en unha soa médica para ambas localidades, con un horario reducido e un sistema de atención sen cita previa, o cal é insuficiente e contraproducente para atender as necesidades reais da poboación residente e visitante.

Dita medida pon en risco a adecuada atención sanitaria do Concello (residentes e visitantes) pero tamén pon en risco a atención do conxunto da mariña saturando os PAC e as Urgencias do Hospital da Mariña, xa de por si

Asinado o día 30/06/2025 ás
15:56
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/06/2025 ás
15:56
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

93478

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28021
Data envío: 30/06/2025 15:58:49.720

moi mermadas. Vulnerando o principio de equidade de acceso aos servizos públicos esenciais co deterioro da confianza da cidadanía no sistema sanitario.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Contempla a Xunta de Galicia reverter a situación que se vai a dar no Concello de Cervo e reforzar a atención sanitaria nos dous centros de saúde?

Santiago de Compostela, a 30 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

93479

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 30/06/2025 15:56:41

Elena Espinosa Mangana na data 30/06/2025 15:56:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28021
Data envío: 30/06/2025 15:58:49.720

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/06/2025 15:58:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28021
Data envío: 30/06/2025 15:58:49.720

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa aos residuos radioactivos depositados fronte ás costas galegas.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social xerada a partir dos datos que se van coñecendo a raíz da expedición oceanográfica francesa Nodssum no Atlántico nordeste, que analiza o impacto dos residuos radioactivos na denominada Fosa Atlántica, fronte ás costas galegas.

Exposición de motivos

Estímase que máis de 225.000 bidóns con material radioactivo foron arroxados na Fosa Atlántica dende os anos 50 ata 1982, a unha profundidade de máis de 3.000 metros e a unha distancia de entre 400 e 700 quilómetros da costa galega.

Polo tanto, os bidóns levan décadas abandonados no fondo mariño sen control nin seguimento por parte das autoridade públicas e descoñécese o seu estado actual, o grado de contaminación xerado e as consecuencias sobre a biodiversidade e o ecosistema mariño da contaminación nuclear nas augas.

Nestas últimas semanas, unha misión francesa levada a cabo polo buque oceanográfico L'Atalante iniciou unha expedición, promovida polo Centre National de La Recherche Scientifique (CNRS), para inspeccionar algúns dos puntos nos que foron arroxados os bidóns con material radioactivo.

Asinado o día 30/06/2025 ás
17:22
Por Rosana Pérez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Durante esta misión xa xeolocalizou máis dun millar de bidóns e ten previsto continuar en 2026 cunha segunda fase de actuación directa sobre os residuos.

Resulta inxustificábel que durante todos estes anos o propio Goberno español non levara a cabo ningunha investigación científica propia e, sendo a costa galega a máis exposta a calquera risco potencial, tampouco o Goberno galego a tivera reclamado.

Malia as advertencias de distintos expertos sobre o posíbel deterioro dos bidóns e o risco de contaminación mariña, o Goberno galego aínda non foi quen de propoñer e mesmo impulsar accións diante doutras administracións para que se analice o estado do verdadeiro cemiterio nuclear situado só a uns centos de quilómetros das nosas costas.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións desenvolveu e vai desenvolver o Goberno galego para que se investiguen e se leven a cabo controis sobre o estado dos residuos radioactivos na Fosa Atlántica e se avalíen os riscos dos mesmos?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 30/06/2025 17:22:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 17:23:26
Nº Rexistro: 28042
Data envío: 30/06/2025 17:23:26.453

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/06/2025 17:23:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 17:23:26
Nº Rexistro: 28042
Data envío: 30/06/2025 17:23:26.453

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Paula Prado del Rio, Alberto Pazos Couñago, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez e Carmen Pomar Tojo, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de avanzar no proceso que permita declarar o Xacobeo 2027 como Evento de Excepcional Interese Público permitindo iniciar os traballos preparatorios e garantir a continuidade dunha estratexia sustentada na calidade e no respecto polo legado cultural do Camiño.

O Camiño de Santiago constitúe unha das expresións máis senlleiras do patrimonio cultural, espiritual e turístico de Europa, recoñecido pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade e pola propia Unión Europea como primeiro Itinerario Cultural Europeo.

Os anos santos xacobeos, representan unha oportunidade histórica para a proxección internacional da nosa comunidade, así como para o fortalecemento da Marca España e Marca Galicia a través dun turismo de valores, sostible e ligado á identidade cultural.

O éxito do Xacobeo 21-22, ampliado pola pandemia, demostrou a capacidade mobilizadora deste evento, xerando beneficios económicos, sociais e culturais, non só en Galicia, senón tamén noutras comunidades polas que discorren os diferentes camiños.

Neste contexto, resulta esencial anticipar a planificación do próximo ciclo xacobeo 2027-2032, para o cal é imprescindible a declaración do Xacobeo 2027 como Evento de Excepcional Interese Público (AEIP).

Esta figura supón unha ferramenta clave para o financiamento público-privado e para a difusión nacional e internacional do evento. A súa solicitude xa conta co respaldo da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e o visto bo do Ministerio de Cultura, así como coa unanimidade do Parlamento de Galicia.





É por iso que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

- En que situación se atopa a declaración do Xacobeo 2027 como Evento Excepcional de Interese Público?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 30/06/2025 17:26:43

Paula Prado del Rio na data 30/06/2025 17:27:50

Alberto Pazos Couñago na data 30/06/2025 17:28:10

Cristina Sanz Arias na data 30/06/2025 17:28:21

María Deza Martínez na data 30/06/2025 17:28:40

Carmen Pomar Tojo na data 30/06/2025 17:29:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 17:29:35
Nº Rexistro: 28044
Data envío: 30/06/2025 17:29:35.329

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/06/2025 17:29:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2025 17:29:35
Nº Rexistro: 28044
Data envío: 30/06/2025 17:29:35.329

CSV: BOPGDSPG-1zY6RBKR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

